



PLAN DIGITAL

Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo
Paseo dos Estudantes, n.º 31
27002 _ Lugo
info@escoladeartelugo.com

<https://escoladeartelugo.com/presentacion/>

Aínda que a primitiva orixe da institución sitúase na Escola e Artes e Oficios creada pola Deputación de Lugo no ano 1888, o actual centro educativo deriva do Decreto publicado no Boletín oficial do estado o 28 de outubro de 1965, mediante o cal se creaba a Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos de Lugo, grazas ao que por aquel entón era o Director Xeral de Belas Artes, Don Ramón Falcón. No ano 2005 (Decreto 207), se engadiu a esta escola (de ciclos formativos artísticos) a súa segunda natureza: a de centro superior de deseño. No curso 2010-2011, estes estudos se integraron nos estudos superiores de deseño (equivalente a grados) determinados en Bolonia.

Na actualidade, a rebautizada Escola e Artes e Oficios en Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo é un centro público, dependente da Xunta de Galicia, na que se imparten un amplo abano de ensinanzas artísticas de carácter oficial con validez académica e profesional en todo o espacio común europeo. As súas titulacións abranguen especialidades de nivel 3 e 5 do marco español de cualificacións MECES, pero tamén de nivel 6.

Á oferta das clásicas ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (cos Ciclos Formativos de Grao Superior de Fotografía, Gravado e Técnicas de Estampación e Cerámica artística e o Ciclo Formativo de Grao Medio de Serigrafía artística), hai que sumar os títulos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño Gráfico e de Deseño de Interiores, equivalentes a todos os efectos ao título universitario de grado.

O obxectivo do centro é contribuír a formar persoas que comprendan, valoren e poidan participar no deseño e nas artes, sen perder de vista o mercado laboral próximo e lonxano. Por iso, a oferta formativa se complementa con prácticas nun amplo abano de empresas que representan as principais saídas profesionais de cada perfil titulado. Así mesmo, na intención de impartir unha ensinanza de calidade, apóstase pola

internacionalización mediante a participación en programas coma Erasmus+, conseguindo que, curso a curso, pasen polas aulas, moitas delas obradoiros de ensinanza case individualizada e sempre práctica, aproximadamente uns 225 alumnos e alumnas.

O reparto deses estudantes por departamentos e especialidades ven sendo, aproximadamente:

Departamentos docentes	Oferta formativa específica	% alumnado 2021-2022
EEAAPP de Comunicación Gráfica e Audiovisual	CFGM de Serigrafía artística:	4%
	CFGS de Gravado e técnicas de estampación:	9%
	CFGS de Fotografía:	9%
EEAAPP de Producto	CFGS de Cerámica artística:	9%
EEAASS de Deseño de Interiores	Deseño de interiores:	29,00%
EEAASS de Deseño Gráfico	Deseño gráfico:	40%

As peculiares características do alumnado, que na súa maioría é maior de idade, non propician a presenza das familias na actividade cotiá do centro.

Por outra banda, para atender estas persoas, o claustro da EASD Ramón Falcón está composto por 31 profesores pertencentes aos corpos de Mestres de taller de artes plásticas e deseño, Profesores de artes plásticas e deseño e Catedráticos de artes plásticas e deseño e de ensino secundario, repartidos deste xeito:

- Mestres de taller de artes plásticas e deseño: 6
- Profesores de artes plásticas e deseño: 16
- Catedráticos de artes plásticas e deseño: 8
- Catedráticos de ensino secundario: 1

Xunto a eles, non poden esquecerse os cinco traballadores auxiliares: dous membros do persoal subalterno, un auxiliar administrativo e dúas limpadoras.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A EASD está na cidade de Lugo, nunha boa situación respecto do centro histórico e o campus da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e tamén moi preto do Conservatorio de Música e Danza e da Escola Oficial de Idiomas. O seu entorno se atopa actualmente sumido nunha notoria expansión urbanística. É unha cidade pequena, pese a ser capital de provincia do mesmo nome, de onde provén a maioría do seu alumnado.

É importante, neste punto, contextualizar a provincia: de gran extensión, pouca poboación, e moi vinculada ao sector primario, cun moderado desenvolvemento económico; é zona obxectivo 1 dos Fondos Estruturais da Unión Europea, e está ademais encadrada no corredor atlántico e forma parte da agrupación de cidades do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, que integra concellos de Galicia e o Norte de Portugal.

A poboación da cidade é de 97.613 habitantes, dos cales 45.039 son homes e 52.574 son mulleres, o que representa o 29,95% da poboación provincial, localizada en 54 concellos que ocupan unha extensión de 329,8 quilómetros cadrados. A densidade de poboación da capital é de 293,4 habitantes/quilómetro cadrado, sendo a máis baixa de todas as capitais de provincia de Galicia; mais Lugo cidade estase a consolidar nos derradeiros anos como un polo de atracción da poboación das zonas rurais do resto da provincia. Apréciase unha certa vantaxe formativa da muller en todos os tramos do sistema educativo, derivada do seu maior número pero tamén da diferente distribución das fases de incorporación ao mercado laboral que fai que se produza un maior abandono de formación regulada polos homes. Esta maior presenza na educación da muller trasládase á realidade do noso centro educativo no cal, dos 225 alumnos matriculados no curso 2021-2022, soamente o 28% son homes, habendo unha presenza maioritaria das mulleres nas ensinanzas que se ofertan.

Con respecto ao entorno socioeconómico do centro, cabe destacar o papel da capital lucense como unha cidade de servizos, fundamentalmente sanitarios e educativos, cun protagonismo compartido coas actividades derivadas do comercio e a administración. O incremento constante da poboación da cidade fai tamén da construción un dos principais sectores económicos do municipio, mentres que as empresas grandes e a industria son moi escasas, e adícanse case en exclusiva á transformación de produtos agrícolas _lácteos, cárnicos e madeireiros_. Por outra parte, a sociedade civil de Lugo aínda depende en exceso da Administración, con baixa representación e debilidade estrutural nas súas organizacións, polo

que unha das características básicas da economía da cidade é a escasa dinámica de cooperación público-privada, que certamente nos últimos tempos foi evolucionando, pero que aínda se mostra insuficiente.

Un dos polos económicos máis importantes da cidade é o campus de Lugo, pertencente á Universidade de Santiago de Compostela e próximo a Escola de Arte. Este campus está especializado en Ciencias agrarias aínda que tamén alberga os estudos de Enfermería, Administración e Dirección de empresas, Educación infantil, Maxisterio, Relacións laborais e recursos humanos e incluso outros vinculados coa cultura e a arte como Ciencias da Cultura e Difusión cultural.

En canto ao turismo, hai que destacar o notable impulso do sector dentro da economía da cidade, cun grande incremento do número de visitantes nos últimos anos e que sen dúbida se consolidou desde o nomeamento da Muralla como Patrimonio da Humanidade e se apoia na profunda rehabilitación do centro histórico e monumental que se realiza dentro do Proxecto URBAN (Iniciativa Urbana), cofinanciado polo Concello e a Unión Europea. Así mesmo, conta cun marco natural e rural de aceptable preservación.

Isto lévanos a afirmar que, aínda que na actualidade Lugo non ten unha clara especialización que lle permita diferenciarse por ter vantaxes competitivas respecto a outras cidades galegas, é certo tamén que posúe un inmenso potencial, aínda sen explotar, suficiente para poder desenvolver no futuro a medio-longo prazo unha capital industrial e comercial, así como todo un camiño por percorrer no plano turístico a partires dos seus recursos históricos, naturais e culturais turismo de natureza, desenvolvemento de novas actividades I+D, etc.).

A capacidade de xerar riqueza é unha das variables que define en boa medida tanto a dinámica económica da cidade, coma a xeración de expectativas no futuro sobre a base dos recursos existentes desde centros educativos coma o noso. No caso de Lugo presenta un déficit na capacidade autóctona de xeración de riqueza, que poden chegar a incidir nunhas expectativas negativas en canto novo emprego para as xeracións máis novas. Non obstante, Lugo dispón de recursos insuficientemente explotados que deberán permitir dispor de mellores expectativas se rompe o ciclo de escasa inversión, peche ao exterior e falta de modernización das estruturas da cidade, a partir de actividades que aproveiten os recursos ou potenciais da cidade: naturais, culturais, turísticos, industriais, poboación universitaria e relación coa cidade.

Neste contexto, desde a Escola apóstase por unha educación artística e de calidade, apoiada nas TIC e a internacionalización mediante a participación en programas de mellora da calidade e proxectos como Erasmus+ para mellorar o futuro laboral do noso alumnado.

Para elo é importante apoiarse nas novas tendencias e modelos que a Unión Europea está a poñer en marcha a través do “Marco Europeo para Organizacións Dixitalmente Competentes” DigiCompOrg, pasando a denominarse CoDiCe TIC (Competencia Dixital de Centro en TIC) e que aposta pola evolución desde a competencia dixital individual do profesorado á competencia dixital das organizacións educativas.

E é que se pode afirmar que nun contexto educativo como no que se engloba o noso centro educativo, o dominio das TIC é tan esencial como o das técnicas analóxico-instrumentais de outrora, aproveitando as posibilidades de carácter didáctico e pedagóxico que ofrecen con respecto ao acceso á información e o coñecemento o que fan desta unha competencia importante que actúa como eixe transversal dentro da actividade docente que se oferta na Escola, adaptándose ás titulacións que esta oferta.

Mais esta aposta pola explotación das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación nos procesos de formación, subliñando a calidade do mesmos, debe implicar cambios na concepción dos alumnos, profesores e incluso dos procedementos administrativos que se levan a cabo no centro, o que supón a implantación dunha serie de cambios metodolóxicos nos entornos virtuais de aprendizaxe que xa se están a utilizar e que conduzan cara un modelo máis flexible que siga a manter ao alumno como o seu centro neurálxico.

O punto de partida é bo: os datos obtidos nas enquisas de satisfacción do alumnado sobre a docencia recibida, amosan unha positiva percepción dos ensinados con respecto ao desempeño do centro.

Por todo elo, son varios os obxectivos estratéxicos formulados no Proxecto funcional do centro polas diferentes áreas, departamentos didácticos e coordinacións que buscan diferentes accións a desenvolver apoiadas na implantación das novas tecnoloxías para acadar os fins previstos, como a “Mellora e dixitalización da xestión das ensinanzas artísticas mediante XADE, participando nas probas de implantación” ou a “Mellora da capacidade dixital de profesorado e alumnado”, propostos pola Dirección e a Coordinación TIC e con destinatarios de todos os perfís do centro, desde o alumnado ata o profesorado, pasando tamén polo persoal administrativo.

Por iso considérase esencial a redacción do Plan Dixital do Centro, que permita por en marcha unha serie de medidas que se irán implementando progresivamente na maior parte dos procedementos levados a cabo no centro e que perseguen unha clara aposta pola calidade e mellora das ensinanzas que se imparten nel.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Moi brevemente, partimos dunha contextualización normativa do P.D.:

LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa. Así, no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

Resolución do 17 de xuño de 2021, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso 2021-2022 e Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

Tanto a disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, como a disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (ambas publicadas no DOG do 30 de xuño), sinalan que os centros docentes elaborarán no

curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Ditas instrucións veñen determinadas pola

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

O mais salientable ao noso entender desta norma e a concreción dos obxectivos que ten que atender o P.D.

A saber:

a) Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimizar a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.

b) Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.

c) Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa . para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.

d) Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.

A partires destes obxectivos, cremos necesario dar razón da xustificación concreta, unha vez atendida a realidade do noso centro, para que se entenda dende o comezo os principios que inspiran esta proposta.

Evidentemente, a implicación das TIC nas diferentes ofertas formativas da EASD é moi diferente en razón a varias cuestións importantes: desde a propia natureza das mesmas (en Cerámica non se traballan as mesmas competencias profesionais que en Deseño Gráfico, por exemplo), pasando polo alumnado tipo que escolle cada unha desas especialidades. Temos un ciclo formativo medio (onde pode haber menores de idade), fronte ao perfil dos ciclos formativos superiores, onde é habitual atopar dous perfís claros: profesionais que buscan a reciclaxe e artistas que buscan novas prácticas fronte aos alumnos moi novos, a miúdo co bacharelato recen rematado. Este é tamén o perfil habitual nos estudos de deseño,

onde o estudante busca claramente unha formación académica de catro anos, a fin de conseguir un título equivalente, a tódolos efectos, a un grado universitario.

Hai que sumar a propia normativa que sustenta estas ensinanzas, en demasiadas ocasións antiga, desfasada, e mesmo cunha concreción curricular que minimiza e incluso obvia módulos e ou disciplinas tecnolóxicas e/ou dixitais. O ciclo formativo de grado medio de Serigrafía Artística (cun deseño curricular de hai máis de vinte anos _Decreto 455/2003, do 5 de decembro_), non ten nada que ver coa situación que se viven nos deseños (tanto os Estudios Superiores de Deseño de Interiores coma de Gráfico están normativizados curricularmente no Decreto 172/2015, do 29 de outubro). Outro tanto pódese dicir dos estudos de Gravado e Técnicas de Estampación (normativa de currículo: Decreto 71/2002, do 14 de febreiro), un ciclo formativo de grado superior coma o de Cerámica (cun desenvolvemento curricular máis actual, pero que segue a deixar un tanto de lado a implantación das TIC _Decreto 131/2013, do 18 de xullo_), fronte ao ciclo formativo tamén de grado superior de Fotografía (Decreto 92/2015, do 11 de xuño), que pola súa propia natureza, está curricularmente máis próximo ao eido dixital, con módulos como Medios Informáticos e Medios Audiovisuais, aínda que o informático, sorprendentemente, só se imparte no primeiro ano destes estudos. En resume, a implicación das TIC no ámbito dos ciclos formativos, agás o de Fotografía (e con importantes carencias), é moi inferior ao desenvolto nas Ensinanzas Superiores Artísticas de Deseño, onde as ferramentas dixitais, o seu uso e coñecemento, están moito máis presentes en todo o seu desenvolvemento curricular.

Todo isto é o que fai que, verdadeiramente, resulte complexo articular un Plan dixital que responda por igual, ao tempo que de forma selectiva, a tódalas necesidades dun centro das nosas características.

Somos ensinanzas de réxime especial. Así nos chaman. E é verdade. Fronte a estudos claramente tradicionais en gran medida (e as súas prácticas docentes en obradoiros de cerámica, gravado, litografía, serigrafía, laboratorios analóxicos de procesado fotográfico...), temos outros, ou parte dos anteriores, moi vinculados á informática, aos recursos dixitais, a internet, á comunicación tecnolóxica e virtual, etc. Darnos unha ferramenta que sirva para tal abano de intereses e necesidades non é tarefa fácil. Mais temos que facelo porque, pese a tradicional metodoloxía con habilidades técnicas patentes, base de moitos destes estudos, é obvio que a sociedade actual e as necesidades que

presenta, obrígnanos a reforzar a implicación das novas tecnoloxías, dixitais, e incluso virtuais, tamén nestas ensinanzas.

E dicir; sabemos que temos que adaptarnos ás necesidades, sendo conscientes dos diferentes puntos de partida que manifestan cada un dos niveis educativos. Dende o máis básico (o de CFGM de Serigrafía Artística ou incluso máis aínda nos CFGS de Cerámica e de Gravado, debido ao tradicional carácter manual que teñen e aínda conservan ditas ensinanzas artísticas) pasando polo intermedio, o que sucede no CFGS de Fotografía, onde hai un nivel de usuario e desenvolvemento medio/alto nalgunhas materias, ou os Deseños, onde o uso das TIC é xeneralizado dende o primeiro curso, e en relación a diferentes disciplinas, incluso optativas que facilitan maiores aproveitamentos aos alumnos con máis interese nel.

Como pedagogos que estamos a traballar cos profesionais artísticos do século XXI, estamos obrigados a adaptarnos aos novos tempos do mesmo tempo que o fan os profesionais de calquera outro ámbito, técnico ou artístico. Para iso, necesitamos saber que temos xa, que podemos mellorar.

Pero tamén temos que pedir: pedir recursos, tempo e mesmo axuda normativa para que esa adaptación non se quede nunha recolección de datos escritos nun papel.

1.4. Proceso de elaboración

O noso centro, pola natureza da súa oferta formativa, que xira sobre a arte e o deseño, ven empregando de xeito continuado dende hai anos os recursos tic e as ferramentas dixitais, tanto en forma de hardware coma de software, sempre de forma moi vinculada a certos procesos educativos, a partires da normativa que afecta a estes estudos, pero tamén de docentes que apostaron e apostan por integrar, de xeito innovador e máis aló do puramente normativo, as TIC nas programacións e, por tanto, nas aulas.

Por outra banda, a crise que supuxo a pandemia da COVI deu un pulo, obvio pero non sempre ordenado, á implantación de novas ferramentas para o ensino e aprendizaxe, a comunicación e mesmo a organización da nosa comunidade educativa.

Neste contexto, prodúcese a aprobación da Resolución do 3 de setembro de 2021 da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do

Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos de Galicia para o curso 2021-22 e que, como acabamos de ver no epígrafe anterior, ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre outras cuestións, esta normativa establece o procedemento de deseño, elaboración e implementación do P.D., que é o que seguimos:

I_ Nomeamento da persoa á cargo da Coordinación TIC (setembro 2021)

Nomeamento por parte da Dirección da EASD dunha nova persoa á cargo da Coordinación TIC entre os perfís máis próximos por competencias e o persoal funcionario estable (en contra do que viña sucedendo nos derradeiros cursos escolares).

II_ Encargo da Coordinación do Plan Dixital (setembro 2021)

Tras a publicación da Resolución do 3 de setembro, encargo a esa mesma persoa da Coordinación do Plan Dixital.

III_ Designación de membros e constitución do Equipo de Dinamización do PD (20/10/21).

O Equipo, ao que se lle encarga a definición, elaboración, difusión e dinamización do Plan Dixital para o curso 2021-22, está integrado por:

_ Membros do equipo directivo (dúas persoas a cargo da Dirección e a Secretaría do centro, esta última con competencias específicas en medios informáticos)

_ Coordinadora TIC (con competencias específicas en medios audiovisuais)

_ Xefes de departamento das diferentes familias formativas (EEAASS de Deseño Gráfico, EEAASS de Deseño de Interiores, EEAAPP de Gráfico e EEAAPP de Produto)

_ Coordinadora de Formación do Profesorado

A asignación de tarefas e funcións é mínima; basicamente as que dita a resolución do 3 de setembro para a persoa coordinadora do equipo de dinamización do PD (4.4 do texto; moi sinteticamente: colaborar co equipo directivo no desenvolvemento do PD; coordinar o Equipo; dirixir e

organizar a fase de recollida de datos _SELFIE, etc._, deseñar e redactar o texto que estamos a presentar).

Dado que a resolución se aprobou unha vez que os horarios do curso 2021-22 xa estaban pechados na Escola, esta persoa non puido contar cunha redución da carga lectiva pese ao que di tamén a resolución (4.5. “Unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro dentro da súa autonomía asignará un horario de dedicación á coordinación e dinamización do Plan Dixital”).

Sí contou con axuda externa (empresa encargada do mantemento dos equipos informáticos e tamén a da web da Escola), o mesmo que recibiu o apoio da administración educativa a través do equipo ADIX 1.

O resto dos membros do ED colaboraron sen funcións prefixadas, segundo se foi avanzando no coñecemento dos requirimentos marcados pola administración para a elaboración deste Plan Dixital e sempre asumindo tarefas de xeito absolutamente voluntarioso.

IV_ Fase de Análise e Diagnose (outubro 2021_abril 2022)

Inicialmente, tras ler a Resolución, a Coordinación TIC e mais a Dirección da EASD entenderon que no primeiro trimestre de curso debía estar rematada a fase de recollida de información para a análise e diagnose das nosas necesidades. Por motivos alleos ao noso traballo, finalmente esta fase se estendeu moito máis aló no tempo, restando en consecuencia tempo para a seguinte (deseño e elaboración do PD).

Mais nun primeiro momento, desenvolvéronse varias reunións informativas e de organización e tamén de formación específica.

A persoa ao fronte da Coordinación TIC e da coordinación do Plan Dixital, tras realizar a título persoal o MOOC Plan Dixital de INTEF_setembro/outubro de 2021_, desenvolve dúas sesións formativas para o Equipo de Dinamización do PD (como relatora da actividade formativa Seminario L210651 Plan Dixital de Centro [L2106051] asociada ao Plan de Formación do centro [PFPP]).

Para enfrontar esta fase, e en consecuencia do explicado ata o de agora:

IV.1. Creación dunha AV para o Equipo de Dinamización (outubro 2021)

A Coordinadora crea e xestiona un espazo virtual, cunha clase na AV, dentro do dominio da escola para compartir documentación e traballo e transmitir eficientemente información relativa ao proceso entre os membros do ED. Calquera documentación recibida pola Dirección e/ou a Coordinación TIC en relación ao PD foi comunicada a través deste medio, ademais de por correo electrónico. Estivo en funcionamento ata o final do proceso.

IV.2. Realización da enquisa SELFIE (03/11/21-10/11/21)

Os datos de participación e os resultados da enquisa se transmitiron por correo electrónico e, de forma resumida, en reunión de claustro, ao profesorado.

A partires destes, e ante a inexistencia da ferramenta Test CDD, o Equipo de Dinamización realiza varias reunións para traballar sobre o DAFO.

IV.3. ADIX e Seminario Plan Dixital de Centro_ Directrices e Plan formativo (24/11/21_xuño 2022)

Por esas datas (24/11/21), a Coordinadora TIC recibe notificación por parte da Dirección do contacto establecido polo Mentor/asesor de referencia para o centro dentro do equipo de apoio dixital (ADIX), Miguel Gandoy, e a inclusión da Coordinadora nun Aula Virtual ex profeso para seguir as directrices dos mentores. Nese momento se nos solicita que a Escola “paralice” o proceso de elaboración do DAFO e esperemos novas instrucións.

O 26/11/21 nos confirman que non temos que repetir o SELFIE (que están a facer os outros centros e que, en conxunto, será validados o 26/01/22) malia que:

- non incluimos as preguntas específicas
- si incluimos a todo o noso claustro e, sobre todo, a todo o noso alumnado (nos insisten en que o Plan Dixital debe deixar fora, non debe ter en conta, ao noso alumnado de EEAASS, é dicir, ao 69% do noso alumnado. Mostramos o noso mais absoluto rechazo a esta medida en conversa persoal co noso mentor, Miguel Gandoy [17/01/22])

Case ao mesmo tempo, recibimos nova información sobre o Seminario L210651 Plan Dixital de Centro, que desenvolverase entre decembro de 2021 e abril de 2022. Inicialmente, as sesións formativas ían ser realizadas pola Coordinadora do E.D.; a partires da comunicación, encárgase o equipo ADIX.

IV.4. Test CDD (08/02/22_07/03/22)

Tras meses de espera e case sen información, actívase esta ferramenta. O informe conxunto non estivo listo para consulta (por erros de maquetación ao parecer) ata o 15/03/22.

Os datos conxuntos de participación e resultados comunicáronse ao profesorado en Claustro, e ao Equipo de Dinamización a través da AV.

Lamentablemente, no TCDD non hai opción de diferenciar ao profesorado que imparte clases nas EEPs maioritaria ou exclusivamente fronte ao dos EESS, o que pensamos que nun centro coma o noso é de gran valor para unha análise coma a que se pretende facer a partires deses datos. De feito, como se explica en Situación de Partida (epígrafe 2.2.), a táboa referida ás competencias dos docentes segundo etapas aparece sen información asociada.

En grande medida, téntase mitigar este vacío coa recollida de información por vías propias (ver medidas propias).

IV.5. Primeira formación ADIX: do Selfie ao DAFO (24/03/22)

Nesa data, convócasenos a unha actividade formativa asociada ao Plan Dixital dentro do Plan de Formación do teu centro (PFPP-L2106051), a cargo do Equipo ADIX, centrada na realización da análise DAFO. A docencia, cunha duración de 2 horas, é por videoconferencia, e previamente (21/03/22) se nos facilita unha copia de seguridade de documentación para esta formación a través dun curso Moodle.

IV.6. Elaboración do Análise DAFO (entrega: 07/04/22; validación: 18/04/22)

A partires desta sesión formativa, pídesenos que elaborem a análise DAFO conforme a unhas categorías (documento: Relación entre preguntas SELFIE e categorías DAFO) e sobre uns cálculos termo medio das enquisas SELFIE en Galicia. O Equipo de Dinamización realiza a análise a partires

desas instrucións. pero, en seguida, confirma o que viña detectando nas sesións de análise previas:

- as categorías para o DAFO, coma moitas outras documentacións que se nos facilitan, non sempre se adaptan ben á idiosincrasia da nosa escola, centro típico das denominadas ensinanzas especiais (cunha casuística enorme en función da oferta formativa operativa).
- as medias de Galicia que se nos facilitan non distinguen de que tipo de centros estamos a falar. Loxicamente, non hai nada específico de escolas de arte, pero mesmo non sabemos se se están a considerar as nosas ensinanzas profesionais e os estudos superiores en relación á formación profesional técnica, por exemplo, ou calquera outro nivel educativo.

Por todo isto, e seguindo as recomendacións dos mentores do equipo ADIX e o que a racionalidade suxire, seguimos a traballar nunha serie de medidas propias que consideramos que nos poden dar unha información a maiores moi necesaria (ver medidas propias).

IV.7. Medidas propias: inventario TIC + enquisa sobre aulas virtuais (maio 2022)

_ a Secretaria do centro e a Coordinadora TIC realizan, a partir do inventario xeral da Escola, un específico de recursos dixitais (non existe como tal; dende hai 6 cursos hai un xeral no centro, pero dada a natureza da nosa escola _un edificio cun aulario non repartido por niveis ou módulos/disciplinas, e con estudos moi artesanais e manuais, fronte a outros onde os recursos dixitais son a mesma base _fotografía, audiovisual, tecnoloxías dixitais, ou medios informáticos_, parécenos un documento pouco operativo para o que estamos a tratar de analizar).

Ese documento compártese no mes de maio cos responsables de mantemento dos equipos informáticos e dixitais da Escola e o resto dos membros do Equipo Dixital, para a súa comprobación final.

_ tamén no mes de maio, á vista dos datos extraídos da enquisa SELFIE e o Test CDD, a Coordinadora TIC elabora unha enquisa propia para o profesorado, co fin de coñecer de xeito máis preciso que posibles necesidades (fortalezas, ameazas, etc) detectan os docentes en relación ás aulas virtuais e outras ferramentas docentes empregadas no centro.

V_ Fase de Deseño e elaboración do Plan Dixital

Xa no derradeiro trimestre do curso, como se explicou anteriormente, comeza a fase deseño e elaboración.

V.1. Segunda Formación Adix: Plan de acción (20/04/22)

O Equipo Adix Lugo desenvolve unha segunda sesión formativa, neste caso centrada no Plan de Acción para a redacción do Plan Dixital de Centro.

Esta formación, de igual modo que a anterior, está dirixida ao profesorado inscrito no PFPP da liña Plan Dixital e profesorado que forma parte do equipo de dinamización do Plan Dixital do Centro. Porén, tamén poden asistir como invitados/as o resto de integrantes do Claustro que se atopen interesados/as.

A partires da mesma, submínistrase unha documentación e instrucións. para a concreción e redacción dos Obxectivos do Plan de Acción.

V.2. Elaboración dos Obxectivos do Plan de Acción: entrega ata o 22/05/22 (nós, o 11/05)_ validación: 17/05/22

Con toda a información e análise realizada, elabórase esta parte dos Obxectivos do Plan de Acción que, se nos informa, é o principal do PD, e entrégase antes da data límite pese a que o 9 de maio remítenos un novo modelo guía (que apenas difire do anterior salvo polas cores).

Nese intre tamén se nos informa de que: “O modelo guía do Plan Dixital do Centro disporá dun epígrafe específico no que poderedes recoller as vosas necesidades de infraestruturas e de equipamento. Por tanto, na elaboración dos obxectivos da área C de infraestruturas e equipos, convén centrarse en cuestións de actualización, mantemento ou propostas de incorporación a programas da Consellería de Cultura Educación e Universidade”.

A Coordinadora do ED convoca unha reunión (25/05) para tratar de elaborar este epígrafe do xeito máis xustificable posible entre todos, ademais de tratar de pechar o inventario de recursos TIC (como queda dito, non existía como tal).

V.3. Elaboración do Plan Dixital: entrega antes do 12/06/22

Tras recibir o modelo guía para a redacción do PD (23/05/22), e coma xa estaba previsto facer a reunión do 25 de maio, o Equipo de Dinamización establece un reparto final de tarefas ante a envergadura dalgún dos ítems que nos están a pedir. Basicamente, a recollida de datos segundo as súas mellores competencias.

Aos responsables externos do mantemento informático do centro se lles pide unha derradeira comprobación dos datos que aportamos neste documento.

VI_ Fase de Implementación, seguimento e avaliación do PD

Este documento, que se está a redactar nestes momentos, entregárase ao equipo ADIX antes do 12 de xuño, e cando este validado, trasladárase ao Claustro e ao Consello Escolar, para a súa aprobación á finais de xuño.

O curso que ven terase que ver como se articula de xeito efectivo a súa implantación, seguimento e avaliación.

2. Situación de partida

No curso 2021-2022 non había nin Plan Dixital da Escola de Arte e Superior de Deseño nin un inventario específico dos recursos TIC, tanto en forma de hardware coma de software, recursos pedagóxicos, etc.

Pese a iso, non podemos dicir que o uso das TIC na Escola non fose unha realidade.

Coma en calquera centro educativo, máis nun onde se dan a man arte e deseño, o uso xeneralizado das TIC en moitos ámbitos ven tendo unha progresión exponencial, co obxectivo último de conseguir a plena implantación dun sistema educativo que, amén dos deseños curriculares, estea en sintonía coa sociedade da información na que estamos, unha sociedade en continuo cambio tecnolóxico, na que os nosos potenciais “clientes” son nativos dixitais. Usan e desfrutan das TIC na rutina da súa vida diaria. Por iso, o profesorado da EASD sabe que hai que ter en conta a motivación deste novo tipo de alumnos, englobando sempre que se pode as TIC nas nosas ensinanzas.

Os docentes tamén son conscientes de que ferramentas coma internet, as redes sociais, os apoios audiovisuais e virtuais... poden e deben enriquecer a nosa metodoloxía educativa. E por iso que, tradicionalmente, na Escola apóstase por formación específica non só en prácticas pedagóxicas xerais (coma poda ser o mellor aproveitamento das aulas virtuais), senón tamén en ferramentas e procesos absolutamente específicos, e necesarios, para unha escola de arte e superior de deseño.

Así mesmo, non desdeñamos as grandes oportunidades que, en termos de accesibilidade, flexibilidade e nalgúns casos, tamén económicos, presentan estes sistemas e ferramentas dixitais.

Estes complementos educativos, ademais, víronse empurrados pola crise da COVI, o mesmo que sucedeu coa comunicación, organización, administración da nosa institución.

Estas afirmacións evidéncianse nas diferentes enquisas que se desenvolven na Ramón Falcón. Desde as de satisfacción entre o alumnado, ata as do profesorado, e mesmo nas suxestións que uns e outros fan chegar ao equipo de dirección do centro a través das canles oficiais para elo (páxina web e/ou correo electrónico).

Grazas a esa información, sabemos que a valoración da comunidade educativa polo esforzo progresivo que, tanto directiva coma profesorado, ven levando a cabo durante os derradeiros anos, foi mellorando.

Pese a iso, tamén somos conscientes do moito que queda por facer: dende a implicación maior, e mellor, das TIC en programacións e outras actividades, ata a optimización dos recursos existentes e os espazos habilitados, pasando, por suposto, por unha formación a demanda das necesidades que, nunha escola coma a nosa, son cambiantes e moitas veces cuasi imperiosas.

Para que esa mellora poda levarse a cabo, somos así mesmo conscientes de varias evidencias ou, polo menos, así nos parece despois da profunda reflexión que sustenta este Plan Dixital:

1. desde o punto de vista singular que ofrece a oferta educativa deste centro, non se pode deixar fóra do mesmo a ningún tipo de estudo.
2. hai unha clara diferenza no uso das TIC segundo os niveis e titulacións existentes
3. a unidade de toda a comunidade educativa da Ramón Falcón en torno a un obxectivo tan esixente coma o de implantar, efectiva e racionalmente, este PD., só se pode conseguir se integramos de forma efectiva, transversal e satisfactoria, as TIC en tódolos nosos estudos

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).*

A particularidade das ensinanzas impartidas na Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo, da que xa falamos en varias ocasións, está acompañada ademais por unha particularísima estrutura arquitectónica, que fai deste centro un lugar case único.

A actual sede física data de mediados dos anos 70, cando se constrúe un novo edificio proxectado polo arquitecto Manzano Monís, cun orzamento que xa por aquel entón ascendía a 300.000 euros.

A singular edificación, a cal sen dúbida segue a ser unha das construcións con máis personalidade da cidade, está organizada en dúas zonas diferenciadas: unha ocupada polas oficinas e despachos do equipo directivo, a cafetería e a biblioteca, sala de estudos e sala de exposicións, e outra adicada ás aulas teórico-prácticas (con espazos de

almacén e unha vivenda para o conserxe _agora reconvertida, dun xeito moi mellorable, en parte do aulario_).

A excepcionalidade da infraestrutura radica en que o aulario, sen corredores interiores, estaba baseado na definición individual de cada aula con superficie e mesmo altura moi variable, nunha configuración aberta a un xardín interior. Esas aulas, moitas veces obradoiros de ensino práctico e moi individualizado, conviven _moi necesitadas dalgunhas reformas importantes_ xunto coas teóricas, menor en número e en superficie, e coas tecnolóxicas ou aulas informáticas.

Todo isto supón, entre outras cousas, un amplo espazo construído, pero moi disperso, de difícil conexión durante anos (queixa habitual polos alumnos). Por todo elo, nos derradeiros anos, ademais da conectividade de voz da que xa dispoñía a Escola, e que estaba focalizada na centralita telefónica instalada na área de administración (sendo utilizada maioritariamente por membros do equipo directivo, persoal de administración e subalternos), implementáronse numerosas melloras nas conexións de datos, aumentándose progresivamente a velocidade de transferencia da rede WIFI do centro e aumentando o seu radio de acción a toda a superficie construída, case 5.500 metros cadrados en total.

Elo significou melloras tanto nas conexións de voz como de datos, ampliándose e actualizando o equipamento telefónico do centro e tamén a rede WIFI a disposición de alumnado e profesorado, con puntos de conexión en todas as aulas teórico-prácticas e obradoiros.

- *Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as categorías: equipos de xestión e administración, biblioteca, para salas de profesorado e departamentos, ultraportátiles para aula móbil; aulas dixitalizadas, proxecto E-Dixgal, aulas de informática e dotacións para proxectos específicos.*

Temos que resaltar neste intre que, pese ao que poida parecer, cubrir os apartados 2.1. e 3.2. seguindo, como se nos pide, as recomendacións de AMTEGA, é todo un desafío, porque moita das clasificacións, e mesmo explicacións, refírense a realidades educativas moi afastadas das que se dan en escolas coma esta.

Como xa dixemos, a estrutura da escola está dividida en dúas partes: unha, onde están os espazos adicados á xestión e administración, onde tamén está a biblioteca e a sala de profesores. A outra, onde están as aulas teóricas, os obradoiros e o salón de actos, e varios espazos para reunións departamentais. Comezamos pola primeira parte:

AMTEGA	Concreción na EASD	Equipamento asignado
Equipos de xestión e administración	Espazos denominados na EASD: Conserxería e Administración	<ul style="list-style-type: none"> • Posto fixo completo para o persoal administrativo composto por PC, teclado, rato e monitor • Posto fixo completo destinado ao traballo burocrático do profesorado do centro composto por PC, teclado, rato e monitor • Posto fixo completo para tramitación e dixitalización de expedientes, para persoal do equipo directivo e administrativo, composto por PC, teclado, rato e monitor, máis escáner asociado. • Todos estes postos fixos están conectados en rede á una impresora/fotocopiadora de branco e negro e cor, DIN A3 e DIN A4. • Posto fixo completo destinado a reprografía para alumnos e profesores, asociado a unha segunda impresora multifunción e de alto rendemento (escanea e dixitaliza en unidades externas). <p><i>estado: o do persoal administrativo e do profesorado, moi obsoletos.</i> <i>nº ideal: é suficiente o número, pero habería que mellorar periféricos (monitores sobre todo) e rendemento de dous dos catro. Sería moi necesario dotalos dalgún software específico (Explícase no seu epígrafe)</i></p>
	Despachos do Equipo directivo	<ul style="list-style-type: none"> • Dirección: un posto fixo completo, con impresora en branco e negro e escáner asociados e conectado en rede á impresora/fotocopiadora de administración. • Vicedirección: un posto fixo completo, con impresora en branco e negro, e conectado en rede á impresora/fotocopiadora de administración. • Xefatura de Estudos: sen posto fixo nin portátil da EASD • Secretaría: sen posto fixo nin portátil da EASD • impresora en branco e negro e escáner compartida entre Xefatura e Secretaría. <p><i>estado: o de Vicedirección, moi obsoleto.</i> <i>nº ideal: son necesarios os catro postos, e dotalos de portátiles en lugar de postos fixos ante a necesidade de reunirse, traballar, etc. noutros espazos da Escola.</i> <i>Sería moi necesario dotalos dalgún software específico (se explica no seu epígrafe).</i></p>
Equipos departamentais	EEAAPP de Gráfico: aula 14 EEAAPP de Produto: aula 19 EEAASS DG: aula 12 EEAASS DI: aula 13	Non hai ningún recurso TIC asociado aos espazos que inicialmente ocupan os departamentos (habitáculos habilitados hai 6 cursos en determinadas aulas da Escola). Aproveitan os postos fixos das aulas.

Equipos portátiles¹	1 ordenador portátil para as disciplinas tecnolóxicas de DG: aula 5 3 portátiles para apoio en rodaxes audiovisuais: aula 11.5	<p>Os equipos portátiles da Escola están asociados a módulos e/ou disciplinas, e se atopan en determinadas aulas.</p> <p><i>estado: agás o do Departamento de DG (adquirido con cargo a orzamento do mesmo e con licenzas de software para as tecnoloxías financiadas pola Escola), o resto son moi susceptibles de mellora e mesmo renovación total.</i></p> <p><i>nº ideal: son necesarios os comentados, pero é unha vella reclamación doutros suxeitos da Esad: membros do equipo directivo, coordinadores pedagóxicos (só un departamento ten portátil; o resto empregan ordenadores persoais, as máis das veces) ou non pedagóxicos (por exemplo, Erasmus, FCT ou Formación do Profesorado non teñen posto físico nin portátil no que traballar; pero e que esta Coordinadora TIC e do Plan Dixital, tampouco).</i></p> <p><i>Sería moi necesario dotalos dalgún software específico (se explica no seu epígrafe).</i></p>
Equipos sala de profesores:	Sala de profesores _ altillo da Biblioteca	<ul style="list-style-type: none"> • Posto fixo completo para o profesorado composto por PC, teclado, rato e monitor <p><i>estado: moi obsoleto.</i></p> <p><i>nº ideal: son necesarios máis postos, a valorar o número exacto en función do comentado no anterior epígrafe.</i></p> <p><i>Sería moi necesario dotalos dalgún software específico (se explica no seu epígrafe).</i></p>
Equipos biblioteca:	Biblioteca e sala de exposicións	<ul style="list-style-type: none"> • un posto fixo dotado de CPU e monitor de TV na sala de exposicións. • un posto fixo completo para xestión dos fondos da Biblioteca • catro postos fixos para uso do alumnado • impresora e plotter <p><i>estado: o da Sala de Exposicións non se usa por obsoleto. O da xestión, é lento e moi mellorable. Os dos alumnos, están mellor pois foron adquiridos recentemente.</i></p> <p><i>nº ideal: son necesarios todos os postos mentres non se desenvolva unha das ideas do noso plan de acción (un taller dixital ou fab lab, onde alumnos e profesores poidan ter horas de libre disposición). De feito, sería ideal aumentar o número mentres (poñelo en relación co que se comenta respecto á sala de profesores, localizada no altillo da Biblioteca).</i></p> <p><i>Sería moi necesario dotalos dalgún software específico (se explica no seu epígrafe).</i></p>

1 Claramente, non estamos a falar do que AMTEGA recolle como equipos ultraportátiles para aula móbil, pois nin temos nin necesitamos esta variable.

Respecto da segunda; seguindo as indicacións dos mentores do Equipo Adix, entendemos por aula dixitalizada calquera aula ordinaria equipada por, polo menos, conexión á rede, ordenador e posiblemente proxector; e entendemos por aula informática aquela na que existen ordenadores para todo o alumnado, incluíndo o docente. E consideramos aulas-dotacións para proxectos específicos aquela infraestrutura que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pon a disposición dos centros (tipo E-Dixgal, Polos creativos, Espazos de Tecnoloxía Aplicada na FP...).

Moi lamentablemente, na nosa escola non hai aulas-dotacións para proxectos específicos postas pola Consellería. Case sempre estamos fora dos posibles beneficiarios destas actuacións subvencionables. Por exemplo: non podemos solicitar o programa Espazos de tecnoloxía aplicada (só para centros públicos de FP²), ou o do libro electrónico E-Dixgal³, e mesmo estamos fóra dos recen estreados Polos Creativos, programa que prevé importantes dotacións para facer dos espazos físicos, lugares de innovación educativa para traballar competencias STEM, a co-creación, o deseño, etc⁴.

Pero, aínda que o equipamento foi adquirido case ao cen por cento con cargo a gastos de funcionamento da Escola (agás algunhas dotacións directas da Consellería, coma tableiros dixitais ou ordenadores para uso administrativo), si consideramos que na nosa Escola hai aulas-dotacións para proxectos específicos.

Así que, retomando as categorías propostas por AMTEGA, nun total de 22 aulas, temos:

-
- 2 Espazos de Tecnoloxía Aplicada: Resolución de 24 de mayo de 2022 de la Secretaría General de Educación y Formación Profesional por la que se resuelve la convocatoria del programa Espacios de tecnología aplicada para la conversión de aulas tradicionales en espacios de tecnología aplicada en la formación profesional en centros públicos dependientes de la Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional y Universidades durante el año 2022.
 - 3 E-Dixgal: Resolución do 2 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación dixital (E-Dixgal) durante o curso 2022/23.
 - 4 Polos Creativos: Orde do 21 de abril de 2022 pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta Consellería.

AMTEGA	Concreción na EASD	Equipamento asignado
aulas informáticas	5 (para módulos de Medios informáticos de Fotografía e Informática básica e Fotomecánica en Serigrafía; tamén disciplinas de Tecnoloxía e Laboratorio de imaxe, fundamentalmente, de Deseño Gráfico; tamén algunhas optativas dixitais e/ou tecnolóxicas)	<ul style="list-style-type: none"> • posto fixo do profesor (completo⁵) • 15 postos fixos alumnado (compostos de PC, teclado, rato e monitor) • 3 tablets ipad + 4 kindle + 2 Sony e 3 Nexus, dos anos 2014 e 2015 • impresora fotográfica e escáner • cámaras e equipos portátiles de iluminación <p><i>nº ideal: 20 postos informáticos fixos para alumnado; con licenzas profesionais en todos eles do software necesario para os respectivos estudos</i></p> <p><i>estado: mellorable en tanto a renovación da maioría dos equipos e periféricos. As tablets serven para tarefas diferentes as que levaron a súa compra (deseño editorial dixital), pero están moi desfasadas.</i></p>
	7 (para módulos Medios informáticos e Materiais e tecnoloxía cerámica; Técnicas gráficas industriais e Arquitectura do libro en Gravado; tamén disciplinas de Tecnoloxía en Deseño de Interiores, e algunhas optativas dixitais e/ou tecnolóxicas)	<ul style="list-style-type: none"> • posto do profesor (completo) • 13 postos fixos alumnado (compostos de PC, teclado, rato e monitor) • impresora 3d e plotter <p><i>nº ideal: 20 postos para alumnado; con licenzas profesionais en todos eles do software necesario para os respectivos estudos</i></p> <p><i>estado: mellorable en tanto a renovación da maioría dos equipos e periféricos.</i></p>
aulas de proxectos tecnolóxicos e/ou dixitais	9 - DG (proxectos+ estudio fotográfico para DG *en proxecto de construción este curso 2021-22)	<ul style="list-style-type: none"> • posto do profesor (completo; PC) • 6+2 postos fixos alumnado (Mac, teclado, rato e monitor). <p><i>estado actual: totalmente obsoletos 2 dos postos e o do profesor.</i></p> <p><i>nº ideal: 25 postos para alumnado e profesorado con sistema operativo OS; con licenzas profesionais en todos eles do software necesario para os respectivos estudos.</i></p> <p><i>Necesidade de dotacións específicas para o estudio fotográfico para as disciplinas de fotografía, deseño editorial e proxectos que teñen cabida nesta aula (cámaras, luminarias, fondos...).</i></p>
	11.1_ Fotografía (aula teórica e informática adicada a	<ul style="list-style-type: none"> • NON HAI posto do profesor (os docentes traballan sobre dispositivos persoais). Só un monitor e conexión ao canon de vídeo da aula.

5 Entendemos por tal CPU de PC _agás no aulario específico de Deseño Gráfico, que é Macintosh_ con monitor, rato e teclado. As máis das veces, o equipo está completado con altafalantes no posto do docente. Todas as aulas informáticas ou de proxectos contan con proxector e pantalla agás a 11.5.

	<p>proxectos e técnica de Fotografía + estudio fotográfico + cabinas de procesado analóxico fotográfico para o ciclo de Fotografía)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • 6 postos fixos alumnado (Mac, teclado, rato e monitor). <p><i>nº ideal: 15 postos para alumnado + 1 para o profesor; con licenzas profesionais en todos eles do software necesario para os respectivos estudos</i></p> <p><i>estado: mellorable en tanto a renovación da maioría dos equipos e periféricos e por suposto moi mellorable en canto a dotación.</i></p>
	<p>11.4_ Audiovisuais (aula informática adicada a audiovisuais e aprendizaxe teórico de proxectos de audiovisuais para disciplinas audiovisuais e de animación de EESS DG e Ciclo de Fotografía)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • posto fixo do profesor (completo) • 5 postos fixos alumnado (compostos de PC, teclado, rato e monitor _algúns 2_), con cascos portátiles asociados. <p><i>nº ideal: 15 postos para alumnado; con licenzas profesionais en todos eles do software necesario para os respectivos estudos</i></p> <p><i>estado: mellorable en tanto a renovación da maioría dos equipos (2 claramente obsoletos) e periféricos e por suposto moi mellorable en canto a dotación.</i></p>
	<p>11.5_ Audiovisuais (estudio de gravación audiovisual para disciplinas audiovisuais e de animación de EESS DG e Ciclo de Fotografía)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • un posto fixo de traballo completo (para profesor e/ou alumnos) • 3 ordenadores portátiles • cámaras, micrófonos, equipos fixos e portátiles de iluminación, fondos... <p><i>nº ideal: o problema non é o número, pois neste espazo se empregan moi habitualmente os portátiles. O problema é que un deles está totalmente obsoleto incluso para tarefas ofimáticas, moito máis para audiovisuais ou de animación; os outros dous, de segunda man, só valen para traballar stop motion.</i></p> <p><i>estado: mellorable en tanto a renovación da maioría dos equipos (cámaras e micrófonos sobre todo, pero tamén o PC e os portátis), soportes e accesorios e por suposto moi mellorable en canto a dotación.</i></p>
	<p>13 - DI (proxectos + estudio para escenografías e maquetas de DI *petición para cursos vindeiros)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • posto fixo do profesor (completo) • 4 postos fixos alumnado (compostos de PC, teclado, rato e monitor) • escáner <p><i>nº ideal: 20 postos para alumnado; con licenzas profesionais en todos eles do software necesario para os respectivos estudos</i></p> <p><i>estado: mellorable en tanto a renovación da maioría dos equipos e periféricos e por suposto moi mellorable en canto a dotación, incluído orzamento para a creación dun pequeno estudio para disciplinas</i></p>

		<i>escenográficas e de maquetación.</i>
aulas dixitalizadas	<p><i>4a (teórica para varias especialidades)</i></p> <p><i>4b (teórica para varias especialidades)</i></p> <p><i>6a (teórica para varias especialidades)</i></p> <p><i>6b (teórica para varias especialidades)</i></p> <p><i>12 (teórica para varias especialidades)</i></p> <p><i>13_ altillo (teórica para varias especialidades)</i></p>	<p><i>As teóricas: están dotadas dun equipo fixo completo para profesor, asociado a un canón de vídeo e pantalla. Tamén están implementadas webcam e altofalantes.</i></p> <p><i>estado: A maioría das veces, os equipos destas aulas son os máis obsoletos de toda a Escola.</i></p> <p><i>nº ideal: é suficiente, non así o seu rendemento.</i></p>
	<p><i>12-altillo (teórico-práctica para varias especialidades)</i></p> <p><i>15 (obradoiro de Gravado e Litografía)</i></p> <p><i>16 (obradoiro de Volume para varias especialidades)</i></p> <p><i>17 (obradoiro de Cerámica)</i></p> <p><i>18 (obradoiro de Serigrafía)</i></p> <p><i>10 (obradoiro debuxo, técnicas de representación... para varias especialidades)</i></p> <p><i>19 (obradoiro debuxo, técnicas de representación... para varias especialidades)</i></p>	<p><i>As teórico-prácticas e os obradoiros están dotadas do mesmo que as anteriores (a 10 e a 19 con dous postos fixos completos: docente+alumnado), pero moi habitualmente contan con impresora e/ou escáner aínda que nalgunhas (15, 16, 17 e 18) non hai canón de vídeo.</i></p> <p><i>estado: tanto no caso dos ordenadores coma dos periféricos, moi mellorables.</i></p> <p><i>nº ideal: incrementar a dous ou tres postos informáticos completos en cada un destes espazos; nalgúns casos, necesarias certas licenzas de software profesional. En moitas destas aulas viría ben un proxector de vídeo, pero hai problemas de espazo.</i></p>
	<i>8_ Salón de actos</i>	<ul style="list-style-type: none"> <i>posto fixo completo para proxección en eventos escolares públicos, conferencias, presentacións de proxectos (conexións a equipo de altofalantes e microfonía inclusive). Tamén é onde se celebran os claustros e consellos escolares, as auditorías internas e/ou externas, etc.</i> <p><i>estado: tanto no caso do ordenador de sobremesa coma dos periféricos, moi mellorables. Algúns dos equipos de son levan máis de 3 décadas na Escola, e as conexións dan problemas.</i></p> <p><i>nº ideal: é suficiente con un, pero renovado convenientemente, con licenzas de software profesional.</i></p>

		<i>Tamén sería moi necesario dispor de cableado para equipos Mac de diferentes xeracións ou, no seu defecto, dun proxector que acepte esta conexión por Bluetooth.</i>
<i>sen infraestrutur a dixital</i>	<i>11.1._ Cabinas de laboratorio analóxico de Fotografía 11.2._ Laboratorio analóxico de fotografía</i>	<i>aulas ou espazos sen recursos TIC e sen necesidade deles dado o carácter das ensinanzas que se imparten neles.</i>

Outros dispositivos e medios que están a disposición dos alumnos nas aulas son, habitualmente:

- Cámaras fotográficas dixitais (con ópticas, filtros, accesorios varios na maioría dos casos): aulas 5, 6, 9, 11.1., 11.4 e unha en Secretaría. Neste sentido, cada curso se fai unha importante inversión nestes equipos, e a pesar diso sempre son menos dos necesarios e, por mor do uso entre moitas mans, case sempre necesitan reparacións ou directamente quedan fóra de uso.
- Cámaras de vídeo: aula 11.5. (tres Full HD de 2008, moi mellorables; o resto, analóxicas ou dixitais SD, fóra de uso).
- Micrófonos: aula 11.5 (3, absolutamente renovables por uso) e Salón de Actos (aula 8).
- Equipos varios de iluminación (portátil e fixo): aulas 5, 9, 11.1, 11.4 e 11.5, máis tamén focos para disciplinas de expresión artística nos obradoiros de Volume e Cerámica, (16 e 17) e Fundamentos da representación ou Debuxo (10 e 19). Neste sentido, moitos dos equipos foron cesións da Xunta de Galicia hai máis de 20 anos, e están totalmente necesitados de reciclaxe. O mesmo pasa cos equipos de flash máis antigos: é un perigo seguir empregándoos, amén do custo de reparalos cando xa non é doado atopar pezas.
- Fondos varios fotográficos e/ou videográficos: aulas 9, 11.1, 11.4, 11.5 e Salón de Actos (aula 8). Dende hai un tempo, a Escola procura mercalos de vinilo, moito máis duradeiros, pero tamén cun custo 5 ou 6 veces maior que os de papel.
- televisores e reprodutores de DVD e incluso diapositivas ou transparencias: en moitos dos espazos da Escola, pero totalmente fóra de uso.

- Tabletás gráficas (aula 5). Totalmente obsoletas (chega un momento que non hai software e convértense en inutilizables).
- As impresoras DIN A3, A4, os plotters e a impresora 3D que están nas aulas, están conectadas en rede aos postos informáticos das mesmas. Empréganse baixo supervisión docente, dentro do horario lectivo do módulo ou disciplina que requira esa finalización do proceso para avaliar resultados obtidos no proceso de aprendizaxe. As impresoras e plotter da Biblioteca funciona previo pago do alumnado, por un sistema de tarxeta recargable similar ao que se emprega en Reprografía en Conserxería.

Loxicamente, moitos dos obradoiros albergan maquinaria varia para execución de maquetas, volumes, instrumental para a creación de pezas cerámicas, impresión de serigrafías, gravados e litografías, etc.

Moitos destes elementos pertencen as aulas de proxectos e, neste momento, gustaríanos lembrar o que di a páxina 3 do documento orientador de AMTEGA: "Todo o equipamento facilitado pola administración e o asociado aos diferentes proxectos será atendido e mantido pola propia administración, sendo reemplazado ao final da súa vida útil en caso de que o seu uso siga estando vixente."

Nas aulas informáticas ou de proxectos, polo xeral, hai un número variable de postos habilitados (rede eléctrica e wifi e incluso internet por cable) para os alumnos que prefiran empregar os seus propios ordenadores portátiles. Isto é unha costume que se vai incrementando segundo avanza o nivel no que se atopan (menos nos ciclos que nos estudos superiores, e menos en primeiro que en segundo, terceiro o cuarto). Pero os alumnos que optan por esta vía se queixan do número de licenzas de software profesional que teñen que pagar, ao contrario dos compañeiros que empregar sitios fixos.

O software profesional específico vinculado cos estudos que se imparten no centro é, na actualidade:

- 25 licenzas educacionais da suite Adobe Creative Cloud (de pago)
- 6 licenzas educacionais de Sketchup Pro (de pago)
- 6 licenzas educacionais de V-Ray (de pago)
- 3 licenzas de DragonFrame (de pago, vitalicias)
- 1 licenzas de Depp Freeze STD (de pago, vitalicia)
- 25 Licenzas educacionais de Autocad (gratuítas)
- 10 Licenzas de Arquímedes versión estudantes (gratuítas)

Evidentemente, non só é moi escaso, se non que ademais é moi pobre. Pero as licenzas de pago as financia, con cargo a gastos xerais, a Escola.

Esto é, de feito, outra das grandes e máis antigas reclamacións tanto de alumnos coma de profesores (son moitos os profesores vinculados aos módulos informáticos e/ou tecnolóxicos que, ao non ter ordenadores na Escola onde traballar fóra do horario puramente lectivo, teñen que pagar estas licenzas de xeito persoal, para preparar as clases, reciclarse, mellorar...). Por iso, esta vella demanda é unha das máis aplaudidas do noso plan de acción cando se lle consultou ao Claustro e aos representantes dos alumnos no Consello Escolar.

- *Servizos dixitais educativos corporativos*

Desde a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ofértase aos centros públicos (a través do portal espazoAbalar) un conxunto de

ferramentas (comprendido na denominación Servizos dixitais educativos), moitas delas facilitar o proceso de ensinanza telemática, tales coma páxinas web dos centros en Webs dinámicas, aulas virtuais, app de comunicación Abalarmóbil para familias, servizo de comunicación espazoAbalar para profesorado e centros, servizo de videoconferencia, ferramenta de portafolios Agueiro, rede social do profesorado Redeiras, libro dixital E-Dixgal, e Escolas Na Nube.

Nós empregamos dende hai anos a aula virtual de Moodle, plataforma virtual xestionada dende a administración e que, en moitos sentidos, está totalmente implantada en Galicia para crear a comunidade de aprendizaxe. É un servizo dixital para organizar recursos didácticos e documentos, accesible tanto para profesorado coma para alumnado, sendo un apoio fundamental para a educación presencial e máis aínda, en tempos de non presencialidade.

A nosa é: <https://www.edu.xunta.gal/centros/escolaarteramonfalcon/aulavirtual/>

E pódese acceder doadamente a través da nosa web, seguindo a ruta: <https://escoladeartelugo.com/alumnado/>

Ao seu favor ten un formato pechado, corporativo, que facilita ao profesorado interino ou substituto, e mesmo ao alumnado de primeiro ano, facer uso de esta ferramenta sen moita complicación, pois as máis das veces xa o empregaron antes noutros centros. Ademais, a Consellería leva moito tempo implementando formación para o profesorado, así que calquera sabe empregala.

Ademais, outros servizos interesantes que presta a Consellería e Cisco Webex, plataforma de colaboración segura na nube, que permite levar a cabo sesións de videoconferencia.

Na súa contra, na nosa opinión, está que, pese ao que poida parecer, para as nosas ensinanzas non é un servizo que facilite o traballo colaborativo en rede ou se adapte aos nosos entornos virtuais de aprendizaxe, tan marcadamente prácticos en ocasións, polo menos non tanto coma outras ferramentas.

- *Servizos dixitais educativos non corporativos*

Como acabamos de comentar, dada a natureza especial de moitas das nosas ensinanzas, este espazo o conxunto de ferramentas non sempre atende as nosas necesidades. O exemplo máis claro é o da aula virtual da Xunta, que aínda que incorpora moitas ferramentas de, por exemplo, ofimática,

está moi limitada en tanto ao deseño dos espazos pedagóxicos (algo indisoluble das nosas ensinanzas), ou no intercambio de arquivos audiovisuais e/ou fotográficos e gráficos (sobre todo no concernido ao peso informático, pero tamén aos formatos de traballo).

Por ese motivo, o curso 2020-2021, a EASD tomou a decisión de ampliar o acceso aos entornos de traballo telemáticos cunha nova ferramenta, a facilitada por Google G-Suite (agora Workspace) no conxunto de ferramentas de Google (Classroom, Drive, Gmail, paquete ofimático básico, etc.).

Para iso, despois dunha formación específica dun grupo de promotores, e mais do profesorado que estivo interesado nestas novas utilidades, se fixo o seguinte:

_ establecer un sistema semiautomático para dotar dun correo no dominio propio da escola (@escoladeartelugo.com) tanto a alumnos coma a profesores e persoal administrativo do centro (o sistema, ademais de facilitar moito a comunicación, e moi operativo para certas xestións:

- para o profesorado, o correo é a inicial do nome mais o apelido (para Ramón Falcón sería rfalcon@escoladeartelugo.com por exemplo)
- para o alumnado, ademais da mesma información, incorpórase unha referencia ao ano no que empezou os seus estudos na escola, a fin de facilitar la identificación dos estudantes por grupos e/ou promocións (por exemplo: rfalcon.22@escoladeartelugo.com)

_ Nesa consola organízase toda a información de contacto (sempre baixo as premisas descritas, sen ningún dato privado identificador máis), de todos e todas os membros da nosa comunidade. (Esta dirección de correo é, polo tanto, a ferramenta común a toda a comunidade educativa, e aínda pode seguir ampliando usos, coma na concesión de licenzas de software profesional que estamos a idear neste Plan Dixital).

_ A través deses correos cun contrasinal persoal, os administradores da Consola ou dominio, poden dar de alta tanto ao profesorado coma ao alumnado nas redes Wifi da EASD e nas dúas aulas virtuais (a de Moodle e a de Google), facilitar espazo ilimitado da nube durante o período de realización da formación máis un ano a maiores ao deixar a Escola, acceso a tódalas ferramentas ofimáticas, etc.

_ O primeiro curso no que se puxo en marcha, un grupo de catro persoas (administradores) levaron a cabo estas tarefas na Consola. Este, foron a Coordinadora TIC e a Secretaria da Escola.

Dentro do paquete de servizos Google WorkSpace, que se controla desde esa consola, está Classroom, un servizo dixital de Google para aula virtual, con organización de recursos didácticos, dentro dun proceso planificado e avaliado (isto o comparte coa AV de Moodle). Apóiase en Meet (ferramenta de videoconferencia similar en prestacións a Webex), que se habilita dende a propia aula virtual, impedindo que calquera que non estea matriculado nese curso, poida acceder a dita comunicación.

Permite empregar no seu deseño, moito máis aberto que o de Moodle _mesmo no relativo á aparencia_, documentos de varios formatos de presentación, cun paquete ofimático básico (tipo procesador de texto, folla de cálculo, presentacións e formularios para, por exemplo, enquisas ou exames tipo test). E ademais hai un amplo catálogo doutras aplicacións con usos moi concretos, coma taboleiro virtual _JamBoard_ ou calendario _Calendar_. A maioría destas ferramentas permiten que varias persoas, con autorización, traballen no mesmo documento desde calquera dispositivo (incluso móbiles) ao mesmo tempo que outras, diferenciando a contribución de cada unha delas en tempo real.

Ademais, outorga a posibilidade de engadir moitas extensións para moi diferentes usos: dende para editar pdfs, visualizar vídeos e fotografías, debuxar cadros interactivos... ata outras específicas para control de aula _creación de rúbricas, firmas de asistencia, ou apps para levar a cabo o caderno de aula ou bitácora, etc._

Como está asociado a Drive, permite un almacenamento ilimitado, con entrega de arquivos profesor-alumno, alumno-profesor, e intercambio inter pares, con posibilidade de realizar, de forma síncrona ou asíncrona, colaboracións, anotacións e comentarios participativos co resto da comunidade educativa que o profesor autorice, o que aumenta a transversalidade de competencias dixitais.

A vantaxe deste almacenamento na nube tamén permite que alumnos de diferentes cursos, e incluso estudos, poidan compartir repositorio de recursos e traballos, facilitando aos docentes que as producións artísticas que quedan catalogadas polo profesorado (por ano, nivel educativo, mesmo módulos e/ou disciplinas) curso tras curso.

Ao igual que outras aplicacións, Google Workspace ofrece ao administrador da conta configuracións de privacidade, e cada usuario pode facer revisión da mesma coa axudas das suxerencias da plataforma. Ademais, Google conta cun protocolo de dobre identificación, verificación en dous pasos, unha das mellores opcións para protexer a nosa seguridade

na contorna dixital. O acceso aos documentos na nube ten diferentes niveis de autorización por parte dos administradores da consola, estando sempre, e en todo momento, restrinxido a usuarios externos ao dominio.

Debemos salientar que este paso, tomado por acordo de claustro e co apoio maioritario do alumnado, coma se reflicte nas enquisas de satisfacción, está moito máis implantando noutras comunidades autónomas, onde a propia administración responsable oferta, ademais das plataformas educativas de Moodle Centros, servizos de plataformas virtuais coma o de Google ou Microsoft, como sucede, por exemplo, na de Andalucía.

- *Xestión do mantemento do equipamento do centro.*

Todo este equipamento é sometido a un procedemento de mantemento periódico, que ven recollido no protocolo que segue a Área de administración e xestión con respecto ao material e instalacións do centro marcado polo procedemento de Calidade que se está a seguir nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia segundo o procedemento PR84MAN “Mantemento de instalacións e equipos” e que ten como obxectivo definir o procedemento para o mantemento de instalacións e equipos das EASD.

Segundo este procedemento é misión da secretaría do centro elaborar e someter a aprobación as directrices de mantemento e supervisar o cumprimento das directrices custodiando os rexistros xerados, ampliando a calquera membro da comunidade educativa a participación no procedemento segundo as directrices de mantemento.

Algunhas das instalacións e equipos sometidos a mantemento e reparación son:

- As instalacións de telecomunicación
- Equipos de reprografía ou impresión ao servizo de todo o centro
- Equipos de reprografía ou impresión ao servizo da aula
- Equipos audiovisuais (equipos de imaxe ou son)
- Equipos informáticos (hardware, software ou periféricos)

Conforme a este procedemento, que recolle que cada EASD disporá dunhas directrices de mantemento (xerais e por departamentos) elaboradas tendo en conta as necesidades e normativas específicas de cada instalación ou equipo (delegando en persoal habilitado para elo cando sexa preciso), elabórase un protocolo onde se fixan:

- Listado de instalacións e equipos concretos sometidos ao procedemento
- Tarefas de periodicidade nos procesos de mantemento das instalacións e equipos
- Protocolos de realización das labores de mantemento periódico das instalacións e equipos
- Protocolos de actuación nas labores de reparación puntual das instalacións e equipos
- Datos das empresas e operarios que tiveran estado a cargo das referidas tarefas

O protocolo do equipamento TIC do centro é o seguinte:

INSTALACIÓN / EQUIPO	OPERACIÓNS	MANTEDOR	PERIODICIDADE
ACCESO A INTERNET (XUNTA-R)	MANTEMENTO CORRECTOR	U.A.C. (881 99 77 01)	SEGUNDO DEMANDA
TELEFONÍA INTERNET (CENTRO MOVISTAR)	MANTEMENTO CORRECTOR	MOVISTAR (900 101 010) (1489) PC CAD (982 215 152)	SEGUNDO DEMANDA
TELEFONÍA (CENTRALITA)	MANTEMENTO CORRECTOR	TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. (902 333 339)	SEGUNDO DEMANDA
INTERNET WIFI R (DISTRIBUCIÓN) INTERNET WIFI MOVISTAR (DISTRIB.)	MANTEMENTO CORRECTOR	U.A.C. (881 99 77 01) PC CAD (982 215 152)	SEGUNDO DEMANDA
TELEFONÍA (REDE INTERIOR)	MANTEMENTO CORRECTOR	GERVIMA INSTALACIONES ELÉCTRICAS S.L. (982 215 133)	SEGUNDO DEMANDA
EQUIPOS DE FOTOCOPIADO	MANTEMENTO PREVENTIVO	ESTURION (982 284 190)	SEGUNDO DEMANDA
EQUIPOS INFORMÁTICOS	MANTEMENTO PREVENTIVO	PC CAD (982 215 152)	ANUAL
EQUIPOS DE PROYECCIÓN	MANTEMENTO PREVENTIVO	PC CAD (982 215 152)	ANUAL
EQUIPOS DE IMPRESIÓN 2D	MANTEMENTO CORRECTOR	PC CAD (982 215 152)	SEGUNDO DEMANDA
EQUIPOS DE IMPRESIÓN 3D	MANTEMENTO CORRECTOR	BQ (MUNDO READER S.L.)	SEGUNDO DEMANDA

Segundo demanda implica que os diferentes usuarios poden, a través de dous sistemas diferentes (formularios onde se anotan as incidencias

xerais, localizado en Conserxería, e formulario no dominio @escoladeartelugo.com, compartido con todo o profesorado cos técnicos externos contratados para esta tarefa _da empresa PC CAD_, para incidencias específicas de aulas relativas aos seus equipos de control), informar de calquera avaría ou necesidade que xurda, cunha resposta case inmediata por parte de ditos técnicos.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

2.2.1. Autoavaliación SELFIE:

Adicouse unha mañá (05-11) a realización desta enquisa, organizando horarios e quendas do alumnado por medio dos xefes de departamentos docentes, e dotando tanto a estes coma ao profesorado que o desexase de aulas con recursos e conexións para desenvolvela.

As conclusións tras a xornada foron:

1. que para vindeiras enquisas si sería interesante engadir preguntas máis específicas para nós, atendendo tamén a diferenza entre os alumnos das Ensinanzas Profesionais e os de Estudos Superiores (habería que consultar co profesorado cando chegue o momento), e

2. que o censo tiña erros (fundamentalmente, mal contabilizados alumnos pois os datos do Codex son moi xenéricos, non facilitan filtrar información _coma por exemplo baixas de matrícula recentes, perdas de avaliación continua, etc_). Mais tamén na contabilización do profesorado houbo un erro, aínda que ignoramos como se produciu: contabilizamos 33 docentes cando no curso 2021-2022 éramos só 31.

3. Aínda que estes erros levaron a contabilizar a máis potenciais enquistados que os reais, a participación foi moi positiva:

EQUIPO DIRECTIVO. 100% nas dúas enquisas (2/2 e 2/2).

PROFESORADO:

- 89% en FP (16/18; mínimo recomendado: 10).
- 93% en EESS (14/15; mínimo recomendado: 9).

ALUMNADO:

- 61% en FP (46/76; mínimo recomendado: 38).
- 58% en EESS (89/154; mínimo: 61).

(Aclaración: O noso profesorado pode impartir clase maioritariamente en EEPP e en Estudos Superiores, indistintamente. De feito son bastantes os que imparten docencia nambas titulacións durante este curso escolar (sete concretamente). Dado que a enquisa a diferenciamos para alumnos de

EPPP (opción FP) fronte aos de EESS (collendo a opción Educación Post Secundaria), fixemos o mesmo cos docentes, e para limitar a realización dunha enquisa por cada persoa, aos que traballan nas dúas titulacións, só se lles fixo chegar, e polo tanto computou, a de EPPP)

Os datos de participación e os resultados da enquisa se transmitiron por correo electrónico e, de forma resumida, en reunión de claustro, ao profesorado.

Información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.				2,3	3,4
	Profesorado				2,8	3,4
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.				2	3
	Profesorado				2,9	2,9
	Alumnado				3,7	3,2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.				3,4	3,6
	Profesorado				3,6	3,8
	Alumnado				4,3	3,8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.				2,5	3
	Profesorado				3,2	3,2
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.				3	3,5
	Profesorado				3,5	4,1
	Alumnado				4	4,3
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.				3	3,2
	Profesorado				3,5	3,6
	Alumnado				4	3,9
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				2,5	2,5
	Profesorado				3,2	3,2
	Alumnado				3,6	3,4
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.				3,4	3,8
	Profesorado				3,7	3,6
	Alumnado				3,9	3,6

2.2.2. Test CDD:

Desenvolveuse entre o 8 e o 28 de marzo, de xeito individual e voluntario polos docentes do centro. Os datos máis salientables son os que saen das táboas 1.3, 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro.

E como dato principal: participaron 19 dos 33 docentes “invitados” (deberían ser 31), é dicir, un 57,6% do profesorado (se contabilizamos sobre os 31 reais: un 61,29%).

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>11</u>	<u>19</u>	<u>57,9%</u>
PROVISIONAL	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>4</u>	<u>10</u>	<u>40%</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>x</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>98,1</u>	<u>Experto/a (B2)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 98,1 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Experto/a (B2).

Este dato pode parecer moi positivo (ao estar por riba da media galega), pero na análise DAFO estivemos de acordo en que é susceptible dunha dobre lectura sempre que se mire a letra pequena, que se mostra sobre todo na distribución do profesorado por niveis (táboa 2.3.).

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

Como xa dixemos, o noso profesorado pode impartir clase, indistintamente, en EEPP (equivalente a FP nas ensinanzas artísticas) e en Estudos Superiores (que no test CDD non aparece coma posibilidade e moi probablemente por iso non temos datos nesta táboa).

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>0</u>	
A2	<u>5</u>	<u>26,3%</u>
B1	<u>3</u>	<u>15,8%</u>
B2	<u>7</u>	<u>36,8%</u>
C1	<u>3</u>	<u>15,8%</u>
C2	<u>1</u>	<u>5,3%</u>
TOTAL	<u>19</u>	<u>100%</u>

Como dicíamos na valoración da táboa 2.1., o Equipo de Dinamización do PD analizou o resultado deste test CDD en relación aos datos extraídos do SELFIE, e, entre outras consideracións, tivo claro que, de cara a traballar o DAFO (análise das fortalezas e debilidades internas e das oportunidades e ameazas externas), había que ter sempre presente que:

- o test foi realizado só polo 57% do claustro; só polo 40% dos interinos.
- Aínda que o nivel resultante é B2-EXPERTO (por riba da media galega, B1), sabemos que un centro como o noso non pode medirse de igual a igual con centros de infantil, secundaria, etc. Formamos profesionais, polo tanto as súas competencias (e as nosas como docentes) en TIC son irrenunciáveis.

E por iso, son debilidades importantes as seguintes:

- Heteroxeneidade nas competencias TIC do noso profesorado: obtemos resultados en 5 dos 6 niveis competenciais.
- O 26,3% do profesorado que fixo o test CDD (máis dun cuarto dos enquisados) ten un nivel A2 (EXPLORADOR).
- Suspendemos nos niveis competenciais de AVALIACIÓN (4,7/10), CAPACITACIÓN DO ALUMNADO (4,8) e DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO (4,8).

2.2.3. Outras fontes:


Para tratar de resolver algunhas dúbidas que nos xerou estas reflexións, o Equipo desenvolveu unha breve enquisa interna sobre o emprego das aulas virtuais (a facilitada pola Xunta, de Moodle, e a do dominio @escoladeartelugo.com, de Google).

O formulario compartiuse a través do correo electrónico con todo o claustro, sendo respondido por 21 persoas das 33 que forman o claustro (dúas máis que o Test CDD). Neste caso sabemos moito máis da súa relación co centro: o 66,7% é fixo, o 9,5% é interino dende hai dous cursos ou mais no centro, mentres que o 23,8% só leva, como moito, desde o curso 2020-2021. Ademais:

Formación que impartes en la @easd_lugo (se das clase en máis dun, sinala por favor).

 Copiar


21 respostas



Empregas algunha das aulas virtuales das que podes facer uso na easd_lugo?

 Copiar

21 respostas



Tras preguntar sobre as razóns para escoller un AV ou outra (respostas que teremos moi en conta para o noso obxectivo 3 do plan de Acción), preguntamos polos diferentes usos de calquera delas:

- para por traballos: a maioría das respostas foron A miúdo (35%) ou Moitas veces (45%)
- para entregarlles apuntes: a maioría das respostas foron A miúdo (40%) ou Moitas veces (45%)
- para devolverlles correccións (traballos, exames, etc.): un 30% dos que responderon dixeron que Moi Poucas veces, a mesma porcentaxe que escolleu A miúdo e preto tamén de Moitas Veces (un 25%)
- para facer exames, probas, controis...: as respostas Moi poucas veces (45%) e Poucas veces (30%) son as principais
- para a comunicación profesor alumno si son empregadas habitualmente (un 81% dos que responderon escolleron esta opción), mentres que para que haxa comunicación entre alumnos (sobre traballos, correccións, ou outros motivos) só un 57,1%.

2.3. Análise DAFO

A nosa análise DAFO tivo en conta os datos SELFIE, do Test CDD e das enquisas propias.

Fixemos unha análise cuantitativa (os resultados numéricos do SELFIE) máis unha cualitativa (baseada na nosa experiencia, no noso propio coñecemento da realidade da Escola, sobre as 8 áreas do informe SELFIE). En principio, isto levounos a tratar as puntuacións máis altas coma fortalezas do noso centro, e as máis baixas, debilidades. Tamén aplicamos ao debate a dinámica dos 3 por ques sobre as 2 maiores e menores puntuacións do SELFIE. Pero tamén nos preguntamos sobre as que máis se diferencian segundo o tipo de “entrevistados” (considerando os suxeitos equipo directivo_profesores_alumnos).

Tras rematar esta parte da análise, consideramos outra variable. Se había diferentes valoracións entre os suxeitos (fosen quen fosen) das dúas principais ofertas formativas (ensinanzas profesionais “versus” estudos superiores). A interpretación que fixemos é que estas discrepancias esconden máis do que parece. O mero feito de que haxa certas respostas, moi diferentes entre suxeitos _alumnado/profesorado e/ou segundo tipos de estudos _EEPP/EES_ pode e debe considerarse debilidade, ao non conseguir aínda que sexa valorado por toda a comunidade educativa dun xeito similar), e é susceptible dunha interpretación en relación á fortaleza contigua.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	<p>Unha das áreas mellor valoradas (3,745) por tódolos suxeitos da EASDRF (equipo directivo, profesorado e alumnado) de tódalas especialidades (ciclos formativos e estudos superiores) é a das preguntas C, que están relacionadas coas categorías: Infraestruturas, Alumnado e Organización do centro. As que máis destacan son:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Si hai unha asistencia técnica suficiente (C5: ASISTENCIA TÉCNICA) 2. Si hai suficientes dispositivos dixitais (C8: DISPOSITIVOS DIGITALES PARA aprendizaxe) 	<p>1. Hai un axeitado acceso a Internet (C3: ACCESO A INTERNET)_ a consideramos debilidade por non estar avalada polos suxeitos dos EE.SS. A interpretación que facemos é que: para os alumnos de EESS (a maioría traen a clase os seus propios dispositivos portátiles), non é un problema a dotación de equipos, pero si a conectividade de ditos equipos propios a wifi da Escola. Temos que resolver cunha axeitada política de BYOD.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>A puntuación máis alta para tódolos suxeitos de tódalas especialidades é para a área de Pedagogía: apoio e recursos (4,01 _preguntas E). A maioría das preguntas E relacionase coa categoría Persoal Docente (e en menor medida, persoal non docente). Destacamos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Si se usan contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado (eE3: EMPREGO DE ENTORNOS VIRTUAIS DE APRENDIZAXE) 2. Si se fai adaptación ás necesidades do alumnado (F1: ADAPTACIÓN Á NECESIDADES DO ALUMNADO) 3. Sí se fomenta a creatividade (F3: FOMENTO CREATIVIDADE) 4. Si hai implicación do alumnado (F4: IMPLICACIÓN ALUMNADO) 5. Si hai emprego das TIC para a colaboración entre o alumnado (F5: COLABORACIÓN ALUMNADO) 6. Tamén para a elaboración de proxectos interdisciplinares (F6: PROXECTOS INTERDISCIPLINARES) 7. Si se emprega para a avaliación das capacidades do alumnado (G1: AVALIACIÓN CAPACIDADES) 8. E tamén para favorecer unha retroalimentación axeitada 	<p>A puntuación máis baixa para tódolos suxeitos de tódalas especialidades da EASDRF é para as áreas de Liderado (2,975 nota media _preguntas A); Colaboración e redes (2,95_preguntas B) e Desarrollo profesional continuo (2,975_preguntas D). As preguntas A, as B e as D relacionanse fundamentalmente coas categorías: Persoal Docente e Organización do Centro.</p> <p>Novamente, destácase tamén a diferenza apreciación respecto aos suxeitos-tipos de estudio, da EASD.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Non existe certificación en competencias dixitais. (B1: AVALIACIÓN DO PROGRESO)_ en opinión dos suxeitos de FP. 2. Non existe reflexión sobre TIC's. (B2: DEBATE SOBRE O USO DA TECNOLOXÍA)_ en opinión dos suxeitos dos EE.SS. 3. Non existe colaboración con outras entidades (B3: COLABORACIÓN)_ FP. 4. Non hai suficiente debate sobre as necesidades DPC (D1: NECESIDADES DE DPC)_FP 5. Non hai suficiente intercambio de experiencias de ensinanza con tecnoloxía dixital no noso centro (D3:

	<p>(G3: RETROALIMENTACIÓN AXEITADA)</p> <p>9. Si se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe (G5: AUTORREFLEXIÓN SOBRE APRENDIZAXE)</p>	<p>INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS)_FP</p> <p>E coinciden os docentes de ambas ofertas formativas:</p> <p>6. Non hai suficiente oportunidade de aprender de outros docentes a través de redes ou comunidades de prácticas en liña (DPC4: DESARROLLO PROFESIONAL A TRAVÉS DE REDES PROFESIONAIS)</p> <p>7. Non hai visitas de estudio (a outros centros, empresas, organizacións...) (DPC 7: VISITAS DE ESTUDIO)</p> <p>8. Heteroxeneidade nas competencias TIC do noso profesorado: obtemos resultados en 5 dos 6 niveis competenciais.</p> <p>9. O 26,3% do profesorado que fixo o test CDD ten un nivel A2 (EXPLORADOR). Máis dun cuarto dos enquisados.</p> <p>10. Suspendemos nos niveis competenciais de AVALIACIÓN (4,7/10), CAPACITACIÓN DO ALUMNADO (4,8) e DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO (4,8)</p>
PERSOAL NON DOCENTE	(F4 e F5)	
ALUMNADO	<p>A segunda puntuación máis alta para tódolos suxeitos da EASDRF de tódalas especialidades é para a área de Infraestruturas e equipos (3,745_ preguntas C). A maioría das preguntas C están relacionadas coas categorías: Infraestruturas, Alumnado e Organización do centro.</p> <p>Destacan::</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Si hai suficientes dispositivos dixitais para o aprendizaxe (C8: DISPOSITIVOS DIXITAIS PARA APRENDIZAXE) 2. Existe unha base de datos de provedores de formación (C17: BASE DATOS PROVEDORES DE FORMACIÓN) 3. No noso centro existe un comportamento seguro en Internet (H1: COMPORTAMENTO SEGURO) 4. Ídem respecto a un comportamento responsable (H3: COMPORTAMENTO RESPONSABLE) 	<p>Non se utiliza tecnoloxía dixital para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais na práctica avaliativa (G6: COMENTARIOS A OUTROS ALUMNOS SOBRE O SEU TRABALLO)</p> <p>Suspendemos nos niveis competenciais de AVALIACIÓN (4,7/10), CAPACITACIÓN DO ALUMNADO (4,8) e DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO (4,8)</p>

	<p>5. Verifícase a calidade de información que se obtén en Internet (H4: VERIFICAR CALIDADE INFORMACIÓN)</p> <p>6. Outórgase un recoñecemento ao traballo dos demais (H6: OUTORGAR RECOÑECEMENTO AO TRABALLO DOS DEMAIS)</p> <p>7. O alumnado aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando tecnoloxías dixitais (H7: CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS)</p> <p>8. O alumnado aprende a comunicarse usando tecnoloxías dixitais (H8: APRENDER A COMUNICARSE)</p>	
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A puntuación máis alta para tódolos suxeitos da EASDRF (equipo directivo, profesorado e alumnado) de tódalas especialidades (ciclos formativos e estudos superiores) é para as áreas de Pedagogía: apoio e recursos (4,01 nota media _preguntas E) e Infraestruturas e equipos (3,745_ preguntas C). Mentres que a maioría das preguntas E relacionase coa categoría Persoal Docente (en menor medida, tamén persoal non docente) as C, con: Infraestruturas, Alumnado e Organización do centro.</p> <p>A máis salientable:</p> <p>Si hai unha asistencia técnica suficiente (C5: ASISTENCIA TÉCNICA)_tódolos suxeitos de tódalas especialidades</p>	<p>A puntuación máis baixa para tódolos suxeitos (equipo directivo, profesorado e alumnado) de tódalas especialidades da EASDRF (ciclos formativos e estudos superiores) é para as áreas de Liderado (2,975 nota media _preguntas A); Colaboración e redes (2,95_ preguntas B) e Desenvolvemento profesional continuo (2,975_ preguntas D). As preguntas A, as B e as D relacionanse fundamentalmente coas categorías: Persoal Docente e Organización do Centro.</p> <p>As máis salientables:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Non existe unha participación das empresas na estratexia (A6: PARTICIPACIÓN DAS EMPRESAS NA ESTRATEXIA)_ todos os suxeitos de tódalas especialidades 2. Non existe unha estratexia dixital (A1: ESTRATEXIA DIXITAL)_ en FP 3. Non existe certificación en competencias dixitais (B1: AVALIACIÓN DO PROGRESO)_FP. 4. Suspendemos nos niveis competenciais de AVALIACIÓN (4,7/10), CAPACITACIÓN DO ALUMNADO (4,8) e DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO (4,8)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Entendemos que as nosas debilidades son oportunidades de mellora cos instrumentos necesarios. Por exemplo:</p> <p>1. A consideración sobre o acceso a internet por parte dun 69% do noso alumnado (C3: ACCESO A INTERNET) permítenos volver a reclamar melloras neste sentido á administración.</p> <p>Ademais, aínda que se mellorou moito por mor da COVI (e así o valora a comunidade da EASD no relativo a C5: ASISTENCIA TÉCNICA e C8:DISPOSITIVOS DIXITAIS), hai que considerar á oportunidade de seguir mellorando nestes ámbitos, coa axuda da Admon Educativa con recursos profesionais acordes as nosas ensinanzas de réxime especial (axuda e equipamento especial).</p> <p>Sobre todo se tamén temos en conta os resultados do TEST CDD: Suspendemos nos niveis competenciais de AVALIACIÓN (4,7/10), CAPACITACIÓN DO ALUMNADO (4,8) e DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO (4,8)</p>	<p>1. A estratexia dixital está aínda esbozándose pero ten en contra: prazos non realistas, escasos recursos humanos e económicos específicos e excesiva burocracia.</p> <p>2. Cambios da cadro de persoal, dotación de especialistas insuficiente, listas de interinos/substitutos non sempre ben definidas, oposicións, etc... por decisións alleas ao centro.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>1. Lexislar para que en centros como a EASD haxa nova oferta formativa (monográficos, máster...) ou novas formas de compartir coñecemento que fai tempo que chegaron pero que requiren dunha normativa clara e actualizada (charlas, conferencias e incluso obradoiros a distancia).</p> <p>2. Lexislar para flexibilizar á oferta formativa en función das circunstancias, e o seu carácter presencial ou semipresencial.</p>	<p>1. Regulación dos estudos anticuada en moitos dos nosos títulos, non acorde ao emprego da tecnoloxía e os recursos dixitais.</p>
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	<p>1. Hai que mellorar a base de datos de provedores de formación e dixitalizala para consulta do alumando (C17: BASE DATOS PROVEDORES DE FORMACIÓN)</p>	<p>1. Non hai participación do empresariado na estratexia dixital (A6: PARTICIPACIÓN EMPRESAS NA estratexia)</p> <p>2. Non existe colaboración con outras entidades. (B3:COLABORACIÓNS)</p>

3. Plan de Acción

Para o deseño do Plan de Acción, baseado en tres obxectivos e tres áreas de mellora correspondentes, se tivo en conta así mesmo un período de actuación de tres cursos lectivos continuos, ao ser conscientes da necesidade de comezar por unha análise máis profunda e documentada do necesario para emprender as propostas de mellora recollidas nos obxectivos (orzamentos, protocolos de actuación, reorganización de espazos e infraestrutura, etc.), tendo en conta os recursos materiais e humanos que temos no momento de elaborar este P.D., para que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos mesmos, pero tamén considerando que o catálogo está en constante evolución e pode e debe ser mellorado para alcanzar todas as metas propostas.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tras a reflexión e debate acontecido para elaborar o noso DAFO, tivemos claras tres ideas clave. Todas as nosas debilidades, pero tamén as nosas fortalezas e oportunidades, apuntaban a que o P.D. tiña que enfocarse á dimensión organizativa (liderado e gobernanza), á tecnolóxica (infraestrutura educativa) e á pedagóxica (prácticas de ensino aprendizaxe e prácticas avaliativas):

- a Escola ten que mellorar a infraestrutura e equipamento TIC, non só con novas adquisicións, senón tamén coa reorganización do que hai, e coa creación dun espazo (localización, dotación e protocolo de uso), absolutamente necesario para un centro das características do noso, que poida funcionar de obradoiro dixital (e incluso alcanzar a categoría de FabLab, ou laboratorio de fabricación _dentro dunha rede global de laboratorios locais, que fan posible a creatividade e invención a través de ferramentas de fabricación dixital. En torno á fabricación dixital informatizada combínase o enfoque educativo coa investigación, innovación, invención e polo tanto o emprendemento local_) [OBXECTIVO 2: MELLORAR INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO TIC-OPTMIZACIÓN E NOVAS DOTACIÓNS].
- toda a comunidade educativa ten que mellorar nas súas competencias dixitais, formulando vías de formación que atendan sobre todo ás novas incorporacións (tanto de profesorado coma de alumnado), pero tamén outras que permitan, de forma efectiva e rápida, ao día día do adiantado e docentes que xa adquiriron un nivel de competencias B2 e superior. Nese sentido, o obradoiro dixital (e por suposto o FabLab) sería o espazo idóneo para que converxan intereses e prácticas de educación e

aprendizaxe absolutamente innovadoras **[OBXECTIVO 3: MELLORAR AS COMPETENCIAS DIXITAIS DA COMUNIDADE DA EASD_LUGO]**.

- Pero para dar pasos en pro dos dous obxectivos acabados de descritos, fai falla un equipo humano con tempo e recursos apropiados para polos en marcha, coordinalos, dirixilos, avalialos e reconducilos en caso de necesidade **[OBXECTIVO 1: IMPLEMENTAR DÚAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DO PD NUN TRIENIO]**.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para OBXECTIVO 1

Área/s de mellora: DIMENSIÓN ORGANIZATIVA: LIDERADO (A)						
OBXECTIVO 1	Implementar dúas liñas estratéxicas do PD nun trienio				Acadado	
Responsable	Equipo ou grupo de traballo PDC (GT) encabezado pola persoa coordinadora TIC e/ou PD				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Estratexia concreta creada, divulgada e apoiada pola comunidade educativa da EASD, para un período trienal					
Valor de partida	Inexistencia de Estratexia concreta					
Valor previsto e data	Existencia de 2 liñas de traballo concretas, adaptadas á nosa realidade e temporalizadas			15/10/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Creación dun Equipo ou Grupo de Traballo (GT) con liberación horaria e funcións concretas asignadas	Xefe de Estudios + Coordinación TIC	Setembro-outubro 2022	<ul style="list-style-type: none"> * Responsable do PD (asignación horaria e recoñecemento da labor) * Voluntarios do claustro (mínimo 4) con perfís e interese nas TIC para formar o GT (asignación horaria e recoñecemento da labor) * Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Análise (necesidades técnicas, espaciais, humanas e orzamentarias) do obxectivo 2: infraestrutura EDUCATIVA	GT + Equipo directivo	Outubro-décembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> * Dous ou + membros do GT * Documentación xeral da Escola + inventarios Titoría de material 21-22 * Xefes departamentais, de coordinacións, etc. * Técnicos externos * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Análise (necesidades técnicas, espaciais, humanas e orzamentarias) do obxectivo 3:	GT + Equipo directivo + Coordinación	Outubro-décembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> * Dous ou + membros do GT * Ferramentas consulta tipo Selfie, Test CDD ou formulario propio 		Realizada	
					Aprazada	

Área/s de mellora: DIMENSIÓN ORGANIZATIVA: LIDERADO (A)						
COMPETENCIAS DIXITAIS	Formación Profesorado		* Xefes departamentais, de coordinacións, titores, etc. * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com			Pendente
AO1.4: Deseño (técnico, orzamentario, espacial e humano) para os dous obxectivos	GT	Xaneiro-febreiro 2023	* Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións * Horario para reunións * Documentación acadada na fase de análise * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com			Realizada
						Aprazada
						Pendente
AO1.5: Redacción plans de actuación e protocolos para cada obxectivo (con prazos, funcións, etc)	GT + Equipo directivo	Xaneiro-marzo 2023	* Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións * Horario para reunións * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com * Especialistas ou técnicos externos			Realizada
						Aprazada
						Pendente
AO1.6: Consulta coa comunidade educativa	Comunidade educativa	Marzo-abril 2023	* Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións * Horario para reunións * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com * Comunidade educativa			Realizada
						Aprazada
						Pendente
AO1.7: Redacción definitiva	GT + Equipo directivo	Abril-maio 2023	* Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións * Horario para reunións * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com * Especialistas ou técnicos externos			Realizada
						Aprazada
						Pendente
AO1.8: Preparación do obxectivo 2 (busca axuda externa técnica e formativa; documentación definitiva, requisitos, orzamentos...; busca de financiamento – admon)	GT + Equipo directivo	abril_outubro 2023	* Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións * Horario para reunións * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com * Comunidade educativa * Especialistas ou técnicos externos * Orzamento			Realizada
						Aprazada
						Pendente

Área/s de mellora: DIMENSIÓN ORGANIZATIVA: LIDERADO (A)					
AO1.9: Preparación do obxectivo 3 (busca axuda externa técnica e formativa; documentación definitiva, requisitos, orzamentos...; busca de financiamento – admon)	GT + Equipo directivo + Coordinación Formación Profesorado	abril_outubro 2023	* Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións * Horario para reunións * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com * Comunidade educativa * Especialistas ou técnicos externos * Orzamento * <u>Asesoría CFR</u>		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.10: Protocolo revisión obxectivos	GT + Equipo directivo + comunidade educativa	Xuño 2023	* Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións * Horario para reunións * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para OBXECTIVO 2

Área/s de mellora: DIMENSIÓN TECNOLÓXICA: infraestruturas E EQUIPOS (C)						
OBXECTIVO 2	Mellorar infraestrutura e equipamento TIC (optimización e novas dotacións)				Acadado	
Responsable	Equipo ou grupo de traballo PDC (GT) encabezado pola persoa coordinadora TIC e/ou PD				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Creación dun taller dixital e/ou FabLab na easd_lugo					
Valor de partida	Non existe (0)					
Valor previsto e data	Un (1), plenamente dotado (recurso técnicos e humanas), a pleno funcionamento ao final do período do plan de acción (trienio)			06/2025		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Optimización das aulas informáticas existentes (reordenación espazos e usos, inventario actualizado, protocolo de usos...)	Xefatura de Estudios + Secretaría + GT (sobre todo Coordinador@ PD + membr@ do GT para xestión de recursos)	Setembro- decembro 2023	<ul style="list-style-type: none"> * Membros do GT con horario para desenvolver estas tarefas * Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións + Horario para reunións entre os membros do GT e profesores de Medios Informáticos / Tecnoloxías * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com * Especialistas ou técnicos externos * Orzamento 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Optimización dos estudos fotográficos, de gravación e laboratorios (reordenación espazos)	Xefatura de Estudios + Secretaría + GT	Setembro- decembro 2023	<ul style="list-style-type: none"> * Membros do GT con horario para desenvolver estas tarefas * Espacio colaborativo on line + 		Realizada	
					Aprazada	

Área/s de mellora: DIMENSIÓN TECNOLÓXICA: infraestruturas E EQUIPOS (C)

e usos, inventario actualizado, protocolo de usos...)	(sobre todo Coordinador@ PD + membr@ do GT para xestión de recursos)		espacio físico reunións + Horario para reunións entre os membros do GT e profesores de Medios Informáticos / Tecnoloxías * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com * Especialistas ou técnicos externos * Orzamento		Pendente	
AO2.3: Xestión de software (licenzas para alumnado e profesorado dos principais programas de referencia no eido profesional para as diferentes especialidades formativas) e protocolo para o BYOD	Secretaría + GT (sobre todo Coordinador@ PD + membr@ do GT para xestión de software)	Setembro-décembro 2023	* Membros do GT con horario para desenvolver estas tarefas * Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións + Horario para reunións entre os membros do GT e xefes departamentais (ou en quen deleguen para transmitir e xestionar as necesidades de cada especialidade) * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com * Especialistas ou técnicos externos * Orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Ampliación da axuda técnica	Equipo directivo (Secretaría) + Coordinador@ PD	Xaneiro-febreiro 2024	* Membros do GT con horario para desenvolver estas tarefas * Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións + Horario para reunións entre GT e * Especialistas ou técnicos externos * Orzamento * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.5: Plan amortización e reciclaxe de equipos	GT + Equipo directivo	Marzo_abril 2024	* Membros do GT con horario para desenvolver estas tarefas * Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións + Horario para reunións entre GT e * Especialistas ou técnicos externos * Orzamento * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.6: Creación dun obradoiro	GT + Equipo	Abril-xuño	* Membros do GT con horario para		Realizada	

Área/s de mellora: DIMENSIÓN TECNOLÓXICA: infraestruturas E EQUIPOS (C)

<p>dixital e/ou FAB LAB (e protocolo de xestión e uso, propio e/ou colaborativo)</p>	<p>directivo + Representante da Comisión de convivencia</p>	<p>2025</p>	<p>desenvolver estas tarefas * Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións + Horario para reunións entre GT e * Especialistas ou técnicos externos * Comunidade educativa * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com * Aula o espazo físico * Mobiliario estándar para este tipo de espazos * Orzamento para un equipamento tipo, acorde a un, como mínimo, obradoiro dixital específico para unha escola de arte e superior de</p>	<p></p>	<p>Aprazada</p>	<p></p>
					<p>Pendente</p>	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para OBXECTIVO 3

Área/s de mellora: DIMENSIÓN PEDAGÓXICA: DPC (D), PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E), PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)						
OBXECTIVO 3	Mellorar as competencias dixitais da comunidade easd_lugo				Acadado	
Responsable	Equipo ou grupo de traballo PDC (GT) encabezado pola persoa coordinadora TIC e/ou PD				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Aprobar a competencia media do profesorado nas áreas DigCompEdu de AVALIACIÓN, CAPACITACIÓN DO ALUMNADO e DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO (Instrumento: TEST CDD)					
Valor de partida	Test CDD 2021-2022: Suspendemos nos niveis competenciais de AVALIACIÓN (4,7/10), CAPACITACIÓN DO ALUMNADO (4,8) e DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO (4,8)					
Valor previsto e data	Aprobar (obter máis dun 5/10) neses ítems ao final do período segundo o mesmo instrumento.				06/2025	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Ampliación da asistencia técnica externa e interna para as AV e o dominio @escoladeartelugo.com	Equipo directivo + GT (sobre todo Coordinador@ PD + membr@ do GT para xestión de datos)	Setembro-outubro 2023	<ul style="list-style-type: none"> * Membros do GT con horario para desenvolver estas tarefas * Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións + Horario para reunións entre membros do GT e * profesores de Medios Informáticos / Tecnoloxías * Técnicos e/ou Asesores Externos (asesor legal) * Persoa encargada da administración da easd * Documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com * Orzamento 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Fomento do emprego das AV por parte do profesorado de nova incorporación (plan de acollida e	Equipo directivo (Vicedirección)	Cada inicio de curso (un mes) ou no	<ul style="list-style-type: none"> * Membros do GT con horario para desenvolver estas tarefas * Espacio colaborativo on line + 		Realizada	
					Aprazada	

Área/s de mellora: DIMENSIÓN PEDAGÓXICA: DPC (D), PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E), PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)

mentorización)	+ GT (sobre todo Coord. PD + membr@ do GT para xestión de datos) + Coord. Formación do Profesorado	prazo de 10 días cando se produza unha nova incorporación	espacio físico reunións + Horario para reunións entre membros do GT e * profesores interesados * Técnicos e/ou Asesores Externos * Recursos e documentos dixitais compartidos no dominio @escoladeartelugo.com		Pendente	
AO3.3: Fomento do emprego das AV por parte dos novos usuarios alumn@s (plan de acollida e mentorización)	Titores + GT (sobre todo Coordinador@ PD + membr@ do GT para xestión de datos)	Cada inicio de curso (un mes) ou no prazo de 10 días cando se produza unha nova incorporación	* Membros do GT con horario para desenvolver estas tarefas * Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións + Horario para reunións entre membros do GT e * titores ou profesores interesados * Recursos e documentos dixitais compartidos en @escoladeartelugo.com		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Optimización das AV por parte do profesorado	GT (sobre todo Coordinador@ PD + membr@ para xestión datos) + Coordinación Formación do Profesorado	Segundo o planificado no obxectivo 1	* Membros do GT con horario para desenvolver estas tarefas * Espacio colaborativo on line + espacio físico reunións + Horario para reunións entre membros do GT e * profesores interesados * Recursos e documentos dixitais compartidos en @escoladeartelugo.com * Ferramentas especializadas * Especialistas ou técnicos externos * Orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.5: Optimización do emprego pedagóxico das ferramentas TIC, recursos dixitais (físicos e virtuais)...	Equipo directivo + GT + Coordinación	Xuño 2025	* Membros do GT con horario para desenvolver estas tarefas * Espacio colaborativo on line +		Realizada	
					Aprazada	

Área/s de mellora: DIMENSIÓN PEDAGÓXICA: DPC (D), PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E), PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)

da easd_lugo	Formación do Profesorado		espacio físico reunións + Horario para reunións entre membros do GT e <ul style="list-style-type: none"> * profesores interesados * Recursos e documentos dixitais compartidos en @escoladeartelugo.com * Ferramentas especializadas * Especialistas ou técnicos externos * Orzamento 		Pendente	
--------------	--------------------------	--	--	--	----------	--

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Os tres obxectivos que nos marcamos son medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal claro, como se pode ver nas táboas.

O primeiro paso no tempo é o obxectivo 1 (a desenvolver no curso 2022-2023, aínda que a validación total farase á comenzo do seguinte curso), e mentres se avanza nel, por medio das accións descritas nas táboas que veñen a continuación, iniciariámos os outros dous (á vez, de forma simultánea, aproveitando as sinerxías que un dos obxectivos *_mellora da infraestructura e recursos_* supón e obriga respecto ao terceiro *_mellora das competencias dixitais_*). Os obxectivos 2 e 3, por tanto, comenazaranse no primeiro trimestre do curso 2023-2024, e deberían estar finalizados a finais do curso 2024-2025.

Querendo remarcar neste intre que as necesidades de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas coñeceranse, exactamente, cando se avance na consecución do obxectivo 1, si podemos adiantar o que a elaboración deste P.D. deixou en evidencia. E ademais do explicado no epígrafe 2.1. (Situación de partida. Infraestructura, equipamento e servizos dixitais), dende os diferentes departamentos, pedagóxicos ou non, da Escola, quere xustificase a petición de:

Para a oferta formativa concernida no Departamento EEPP de Produto

- *Impresora A4 Láser color de alta resolución de calcas cerámicas vitrificables _ A industria cerámica que empregaba a serigrafía nos seus procesos de fabricación está a substituír esta técnica por a impresión dixital, que supón unha gran mellora en tempos e calidade de impresión. Tamén son moitos xa os talleres cerámicos que están a incorporar esta tecnoloxía nos seus procesos de impresión cerámica. É por eso que se considera necesario capacitar os alumnos de Cerámica Artística no manexo destas novas tecnoloxías. Esta tecnoloxía require do manexo de ADOBE PHOTOSHOP, software para o que se requiriría licenza. Ademais este software e moi importante na edición de imaxe dixital, tan importante nas publicacións en redes sociais ou impresas dos produtos do ceramista.*
- *Impresora 3D cerámica de tecnoloxía LDM. Impresión de 40 cm de altura y alta resolución_ Xustificación: A dixitalización dos procesos creativos tamén chegou, a*

cerámica artística. Tanto a industria cerámica como os talleres mais artesanais están a incorporar ferramentas dixitais como as impresoras 3D tanto na creación de prototipos, matrices como obra final. Estas ferramentas permítenlle o ceramista crear formas e estruturas complexas imposibles de conseguir con outras técnicas manuais. Considérase por tanto imprescindible capacitar o alumno dos ciclos de cerámica no manexo desta ferramenta. O mesmo tempo podería ser moi útil noutros estudos que se imparten nesta Escola. Recoméndase a impresora DELTA WASP 2040 CLAY

Para a oferta formativa concernida no Departamento EEPP de Comunicación Gráfica e Audiovisual

- *2 impresoras Láser en B/N A3 para os obradoiros de Gravado e Litografía e Serigrafía. As existentes están obsoletas e levan tempo necesitado de reemplazo.*
- *Ordenadores para os obradoiros de Serigrafía (2 polo menos), xa que o existente (aula 18) está necesitado de unha renovación total, e ademais ao ser un, é insuficiente para os 15 alumnos do taller. Software necesario para as labores do taller: CorelDraw e FastFilm (15 licenzas por cada un deles, máis á do docente).*
- *1 plotter de corte para Serigrafía (18): só hai un na aula informática 7 (que por unha elevadísima ocupación horaria, é difícil que poidan empregar os alumnos cando non están nela).*
- *Para a aula 11.1 de Fotografía: impresora calidade fotográfica A3; calibrador de color para pantalla; Monitor e Ordenador de sobremesa para o docente e para o alumnado. Esta aula ten uns postos de traballo fixo para os alumnos que, coa creación de estudio fotográfico para as disciplinas fotográficas de Deseño Gráfico (na aula 9, que se fará este verán), serán trasladados a ese espazo. Por tanto, a aula 11.1. non ten nin ordenador de profesor nin de alumnos. O mínimo imprescindible serían 15 postos máis o do docente. O calibrador de pantalla é absolutamente necesario para procurar que os traballos de Proxectos fotográficos I e II, e de Técnica I e II*

teñan un acabado material similar ao visualizado. A impresora permitiría ao alumnado facer un control de calidade completo do seu traballo. Para os mesmos módulos, do Ciclo de Fotografía, solicítase un 1 respaldo dixital para unha Hasselblad 500 c ou 1 cámara dixital de medio formato e 1 respaldo dixital para unha cámara de gran formato ou 1 cámara dixital de gran formato. Estas cámaras profesionais de gran calidade, en analóxico, están na Escola. Pero sen uso agás excepcións por, precisamente, carecer de dito respaldo.

Para a oferta formativa concernida no Departamento EEAASS de Deseño Gráfico

- para a Aula 9, de Proxectos de DG e. a partires do curso que ven, tamén para todo o relativo a captación de imaxes nas diferentes disciplinas destes estudos: 3 equipos MacOS, con chips máis modernos e sistemas operativos novos para poder instalar o software actualizado de tipografía máis dotacións específicas para o estudio (cámaras, Luminarias, fondos...).
- Ademais, este departamento solicita: Para o profesorado que imparte materias tecnolóxicas e de proxectos é fundamental dispor dun ordenador portátil con soporte actualizado para a Creative Cloude de Adobe. A actualización anual do software específico que se ensina nos estudos fai imprescindible que o profesorado poida dispor de ordenadores portátiles para poder actualizarse e correxir as tarefas de aula. Actualmente cóntase con un, que resulta insuficiente, sobre todo en periodos de exames ou cualificacións. Precisaríase por tanto, un mínimo de 3 ordenadores portátiles para o profesorado.
- Tamén solicita o seguinte software específico: 3 Licenzas de Typetool e Fontographer (para Mac +10.7 e Win 10).

Para a oferta formativa concernida no Departamento EEAASS de Deseño de Interiores

- ORDENADOR PORTÁTIL: 1 equipo portátil para contar con mobilidade a lo menos nun equipo.
- PLOTTER (ao menos ata tamaño DIN A1): Cara á utilización e manexo do mesmo por parte do alumnado (aprendizaxe do manexo profesional nas disciplinas de proxectos nestes estudos).

- *IMPRESORA A3 (tamaño completo): Para actualización da impresora A3 a chorro de tinta por unha láser, para aforro de cartuchos e de cara as entregas do alumnado e o aprendizaxe sobre o seu manexo profesional.*
- *ESCÁNER A3 (para a Aula 7 ou biblioteca): os escáner con que contan as clases están obsoletos ou non contan co tamaño apropiado para o seu uso nas clases.*
- *SOFTWARE AUTOCAD: Na actualidade, Autodesk facilita a todo o alumnado a versión educativa do programa de xeito de balde, pero introduce marcas de auga e é máis limitada que a versión de pago.*

1º curso	20
2º curso	16
3º curso	10
4º curso	10
Profesorado	3
Aulas (7, 12, 13, atillos...)	16
TOTAIS	75

- *SOFTWARE SKETCHUP Y V-RAY*

2º curso	16
3º curso	10
4º curso	10
Aula 7	14
TOTAIS	50

- *SOFTWARE ARQUÍMEDES (programa de medicións do paquete CYPE)- [Na actualidade facilítase por medio da Consellería de Educación unha licenza temporal para todo o alumnado de xeito gratuíto]*

4º curso	10
Aula 7	14
TOTAIS	24

A xustificación para a petición da totalidade dos softwares incluídos nesta petición responden á necesidade dos mesmos para abordar distintos aspectos técnicos do desenvolvemento do deseño e atendendo ás necesidades requiridas para a inserción profesional do alumnado de D.I.

Para aulas informáticas (tódalas especialidades):

Ademais dunha perentoria renovación dos postos fixos destas aulas (5: 15+1 _mercados entre 2013-2016_; 7: 13+1 _mercados en 2018_), habería que chegar aos 20 postos fixos para o alumnado en cada espazo, xa que estamos a falar de dúas aulas que dan soporte tecnolóxico a tódolos estudos da Escola. Precísase que teñan unhas características técnicas que den soporte ao programas específicos da profesión, fundamentalmente a Creative Cloud de ADOBE (ver: <https://helpx.adobe.com/es/photoshop/system-requirements.html>).

- **Aula 5:**

- renovación das tabletas gráficas, necesarias nas prácticas de ilustración, deseño, retoque fotográfico ou animación.
- 2 Ipad última xeración + Lapis. Nos últimos anos estamos detectando o emprego por parte do alumnado de software de creación específico deste dispositivo que sería interesante ter dispoñible para aquel alumnado que no poida adquirilo
- Impresora A3: actualización da impresora A3 a chorro de tinta por unha láser, para aforro de cartuchos
- Escáner A3: actualmente conta cun escáner A4 adquirido no 2015
- Ademais, software específico desta aula:

- necesario para a impartición dos módulos de Fotomecánica e Informática Básica do Ciclo Medio de Serigrafía Artística: CorelDraw (15 licencias + 1 docente) e FastFilm (15 licencias + 1 docente);
- e para o Ciclo de Fotografía: 15 licencias de Alien Skin Exposure e 15 licencias de Imagenomic Portraiture, e tamén a do ordenador do docente.
- Para uso común en varios módulos de varios ciclos: 15 licencias de PtGui, 15 licencias de Photomatix, 15 licencias de Nik Collection (mais novamente a do posto fixo do profesor).

- **Aula 7**

- mellora e actualización dos postos fixos existentes, cunha adquisición de 14 HD SSD.

Para aulas audiovisuais e de animación:

- **Aula 11.4:** É a aula teórica e informática destinada a audiovisuais e animación para módulos obrigatorios do CFGS de

Fotografía e disciplinas obrigatorias e optativas de EESS Diseño Gráfico. Pero tamén é onde rematan moitos proxectos finais de alumnos doutras especialidades cando necesitan facer uso desta ferramenta. Amén dunha necesaria reforma física do espazo, é absolutamente necesario:

- chegar ata os 15 postos fixos de traballo para alumno, con CPU con lector de tarxetas a demais das prestacións especificadas para programas de edición de vídeo (ver <https://helpx.adobe.com/es/after-effects/system-requirements.html>).

Teclado e Rato. Dous monitores segundo as especificacións. Aínda que o ratio máximo de alumnos é de 1/15 para estas materias, non se ten en conta aos repetidores, polo que moitas veces 15 equipos (máis o do docente) son insuficientes porque precisamos ter ferramentas para captura de imaxe e son, e traballamos con programas de edición de vídeo que son moi esixentes nas prestacións dos equipos informáticos, que non reúnen os equipos que poidan ter os alumnos (nos que non conseguen ver o vídeo en tempo real, por non falar de facer fx ou imaxes de síntese, 3D, etc.). Actualmente temos soamente 5 postos de traballo (só un, adquirido este curso, cumpre na totalidade os requisitos solicitados)

- 4 monitores para completar as prestacións dos postos de traballo xa existentes). Resolución del monitor 1920 x 1080 ou superior

- 4 ordenadores portátiles para animación STOPMOTION. System Requirements - Windows Windows 7/8.1/10/11 (64-Bit Only). OpenGL 2.1 Capable Graphics Card. Intel/AMD CPU with 2+ Cores. 4GB+ RAM. Para ter 5 postos de traballo móbiles funcionais para traballo por equipos ou prácticas individuais. Actualmente soamente temos 1 posto totalmente funcional (portátil óptimo e con licencia). Hai que ter en conta que o ordenador ten que ir onde vaia a cámara de fotos (unido por un cable).

- 7 Tabletás gráficas: Aínda que é perfectamente posible debuxar formas vectoriais empregando un rato, o trazo fluído que caracteriza a estética de moitas animacións non pode conseguirse máis que empregando unha ferramenta de debuxo semellante a un lapis ou pincel. Xa que a maioría das producións de animación lévanse a cabo de maneira dixital hoxe en día, as tabletas gráficas convertéronse nun dispositivo case imprescindible para abordar o traballo de forma máis rápida e eficiente. Á marxe do aforro de tempo que supón non ter que escanear os debuxos, en animación dixital empregar técnicas como a rotoscopia sen recorrer a estes dispositivos resulta practicamente inviable. A disciplina de animación dixital impártese a partir dun mínimo de sete alumnos matriculados. O ideal para traballar na aula sería que cada alumno puidera empregar unha tableta gráfica. Por

isto solicitamos un mínimo de sete tabletas gráficas. Existen unha gran variedade de modelos e marcas que ofrecen distintas opcións. Os modelos máis económicos de tableta sen pantalla roldan os 50 euros.

- **aula 11.5:** O estudo de gravación ou plató, ten moitas necesidades pola mesma razón que a aula 11.4; porque é empregado por moitos alumnos. Pero tamén porque é un espazo sempre pendente de renovación, tanto física coma dunha dotación mínima como estudo audiovisual. Os mínimos serían:
 - Ordenador de sobremesa, con monitor estándar Full HD, renovado e acorde ao mesmo comentado para a aula 11.4.
 - 5 Cámaras réflex fotográficas con gravación de vídeo, sistema live view, que xeren arquivos de imaxe JPG e RAW, compatibles con DragonFrame 5 (ver ligazón) Especificacións técnicas: <https://www.dragonframe.com/camera-support/>
 - 4 Cámaras Mirroless, tipo EOS R de Canon. Con obxectivos propios: Canon EF 70-200mm f/2.8L IS III USM; Canon RF 50mm F1.2L USM; e RF 16mm F2.8 STM de Canon. Actualmente, as cámaras mirrorless melloraron moito en vídeo, e as réflex están sendo relegadas a usos audiovisuais de animación, basicamente. Non temos ningunha cámara destas prestacións, e non son compatibles coas lentes de que xa dispoñemos, polo que sería necesario acompañalas dunhas que permitan desenvolver diferentes tipoloxías de proxectos profesionais.
 - A microfonía para esta materia é moi antiga (o que significa moitos cursos de uso, pasando por moi diversas e numerosas mans) e, sobre todo, escasa (temos en activo só 3 micrófonos, e con fallos importantes na actualidade). Necesitaríamos: 4 micrófonos gravadores de diferentes diagramas polares, por ser os máis adaptativos a tódalas diferentes situacións que poden xurdir nos traballos audiovisuais. Tamén sería interesante contar con 2 micrófonos de garabata, e conexión Bluetooth, para traballos nos que se requira o formato entrevista.

Para aulas teóricas (tódalas especialidades):

Ademais da renovación dos postos fixos docentes, en concreto os departamentos solicitan para as aulas 4A e 4B:

- Impresora/Escáner B/N A4 (necesaria como complemento ao

ordenador de sobremesa para o traballo de clase e docente)

- Software: Editor de PDF (licencia de Adobe Acrobat) (ídem)

Para outros espazos da EASD_Lugo:

- **Biblioteca e sala de exposicións:** ademais da renovación dos postos fixos (sobre todo o da sala de exposicións e o de xestión), precísase unha pantalla retroproyectada; é un espazo demasiado luminoso, polo que non resulta ben a proxección nunha normal. Estaría destinada para o visionado de presentacións de libros, obradoiros ou proxeccións de documentais, películas...
- **Sala de profesores:** ou dotar este espazo de varios equipos fixos, ou valorar a posibilidade de traballar cun número suficiente de equipos portátiles.
- **Salón de actos:** ou dotar este espazo dun equipo fixo actualizado para os diversos usos que se lle da, incluídas conexións para outros sistemas operativos, ou optar por un portátil (tamén con conexións) para dotar de máis versatilidade ao espazo. En todo caso, renovar os periféricos e auxiliares sonoros.
- **Fab-Lab:** como parte do PD, planifícase a creación dun FabLab ou laboratorio de fabricación. Os Fab Labs son unha rede global de laboratorios locais que fan posible a creatividade e invención a través de ferramentas de fabricación dixital. En torno á fabricación dixital informatizada combínase o enfoque educativo coa investigación, innovación, invención e polo tanto o emprendemento local. Son obxectivos dun Fab Lab Educativo:
 - Mellorar as habilidades e destrezas do deseño e produción dixital.
 - Desenvolver a creatividade, motivación, enxeño.. de profesorado e alumnado.
 - Facilitar ao alumnado e profesorado o emprego de ferramentas de fabricación persoal.
 - Servir de modelo sostible e replicable a outros centros educativos.

- Difundir os valores do mundo *maker* e *open source*.

A dotación básica deste proxecto/laboratorio é a seguinte:

- Cortadora láser
- Fresadora CNC
- Impresora 3D
- Fresadora de circuítos impresos

A maiores do software solicitado para determinados usos pedagóxicos concretos, hai unha solicitude dun conxunto de ferramentas absolutamente imprescindibles para a inserción profesional do noso alumnado. Estamos a falar da suite Creative Cloud de Adobe, cun abano de programas que, en diferentes momentos, empréganse na totalidade das ensinanzas que se imparten na Escola. E por iso que, ademáis de solicitarlo para os postos fixos e portátiles pedidos, consideramos que parte do noso Plan de Acción debería ser facilitar dito software ao noso alumnado mentres cursa os seus estudos na Ramón Falcón, como se está a facer na maioría dos centros educativos da nosa índole, privados pero tamén públicos. Por iso:

A xustificación é que esta suite, privativa, ten tarifas para estudantes pero seguen a ser caras, só son durante dous cursos (e o segundo duplica o prezo do primeiro). Por iso, consideramos que necesitaríamos financiación para 225 licenzas para o alumnado, e polo menos unha para cada profesor que nun curso lectivo acredite na súa programación estar impartindo materias, módulos ou disciplinas, que o requiran. Un cálculo aproximado sería entón sumar as das aulas informáticas e de proxectos (que tamén o empregan de xeito cotiá):

PAQUETE ADOBE SUITE PROFESIONAL COMPLETA

Alumnos	225	<i>Posibilidade de modificar curso a curso o seu número en función da matrícula</i>
Profesorado	25	<i>Ídem, en función do reparto de materias</i>
aulario	100	<i>Incluída Biblioteca, Salón de Actos, etc.</i>
portátiles	10	<i>Só para os departamentos que o solicitan.</i>
TOTAIS	360	

A falta dun estudo pormenorizado do tema (pois ten unha importancia esencial para nós), respecto ás necesidades de software específico e/ou xeneral para a Escola podemos adiantar que, basicamente, necesitaríamos tamén:

- un programa para a xestión do horario dos profesores, tipo Peña Lara ou similar, para Xefatura de Estudos.*
- un software antiplaxio tipo Turnitin (empregado na USC)*
- anticopia para a realización de exames online (tipo EXAN.NET ou SMOWL.NET) para poder empregar con calquera plataforma.*

- *para todos os postos fixos de traballo dos profesores (que son coordinadores, titores, etc. e na Escola non dispoñen de departamentos): pack ofimático básico e Adobe Acrobat DC, software necesario para moitas das labores que, ademáis das pedagóxicas, está a facer o profesorado e o personal administrativo no seu día a día.*

4. Avaliación do plan

Ao longo do vindeiro curso e sucesivos, establecerase un protocolo de revisión dos obxectivos trimestral que, idealmente, contemplará unha avaliación procesual, cun análise da consecución dos mesmos a través das accións necesarias. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. Nas reunións trimestrais, valorarase ademais a posibilidade de consulta aos axentes implicados: especialmente profesorado e alumnado, cun listado de peticións, incidencias e/ou opinións en momentos concretos para reorientar as actuacións. Estas enquisas, así coma as informacións que poidan xurdir a través doutras canles (encontros informais, pero tamén correos e/ou accións informativas nos claustros) contribuirán ao realimentación profesores-estudantes-equipo encargado do Plan Dixital.

A avaliación final será ao final de cada curso do trienio marcado, determinando a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora as que houberse lugar.

5. Difusión do plan

Ademais das accións que determinen as persoas encargadas do Plan de Comunicación do Centro ou os membros de Equipo Directivo, o Plan Dixital de Centro estará permanentemente accesible a través da web da Escola. Así mesmo, se informará da súa existencia nas xornadas de acollemento de alumnos e profesores por parte dos responsables (titores e Vicedirector), facendo fincapé na posibilidade de participación dos docentes interesados en formar parte do grupo de traballo en calidade de colaboradores.

A través do Consello Escolar, o Vicedirector lembrará aos representantes do alumnado a posibilidade de participar, coas súas peticións e/ou suxestións, na mellora deste documento estratéxico.

Por último, serán os docentes máis interesados nas diferentes partes do plan de acción os que fomenten a participación e implicación no mesmo tanto dos alumnos coma dos compañeiros de departamento pedagóxico.

